

Novas Turoño

Xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

ANO 2 | Edición nº 24 | Decembro de 2017 | PRECIO 0,50 EUROS

Vertidos perjudican el
funcionamiento de la
depuradora

Páxina 7

Lucía Rodríguez, coa
selección de Badminton
nos Europeos de Kazán

Páxina 14

Paz Antón publica "O
Porriño. Historia e
Patrimonio cultural"

Páxina 21

Mos e Celta presentan o
seu proxecto

Páxina 23

Remodelada a Praza de
Abastos de Goián

Páxina 28

131.000€ para 48
asociacións de A Guarda

Páxina 31





**GASOLEOS**
TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

**PONTEAREAS** | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61


REPSOL

ENTREVISTA

José A. Pérez Tápias

Decano de Filosofía da Universidade de Granada e membro do comité federal do PSOE

Referendo legal en Catalunya e proceso constituinte en España

(Extracto da entrevista publicada no número 247, decembro 2017, da revista TEMPOS NOVOS)

Texto Luís Villamor

Verso solto no PSOE, ma non troppo, pois como candidato de Izquierda Socialista conseguiu no 2014 o 15% dos votos nun congreso extraordinario do partido tendo en fronte a Pedro Sánchez e a Eduardo Madina. José Antonio Pérez Tápias, nas antípodas de Susana Díaz, rexeita por “dogmática” a afirmación da “indisoluble unidade de España”. Na entrevista concedida a TEMPOS Novos, sostén que o Estado das Autonomías de 1978 está esgotado. Propón un proceso constituinte, retomar a idea de referendo legal para Catalunya e o impulso dun Estado plurinacional, con pleno recoñecemento das nacións do Estado, nomeadamente Catalunya, Euskadi e Galicia. “Necesitamos resolver a cuestión das nacións”, conclúe o díscolo e reflexivo militante socialista.

Vostede, ademais de político a contraccorrente, é filósofo... Quizais por iso ten comentado que para mito a “unidade indisoluble da nación española”?

Si, son filósofo. E político, como calquera cidadán ou cidadá que asuma un compromiso militante explícito, o que no meu caso supón ser membro do comité federal do PSOE. Só durante oito anos desempeñei cargos públicos. Fun deputado por Granada na oitava e novena lexislaturas das Cortes Españolas. E, certamente, coa bagaxe filosófica participo no debate público. Outros fano dende outras experiencias e claves. Dende esa perspectiva subliñei nun intercambio de opinións nas redes, respondendo a quen me dicía que un referendo pactado para Catalunya era un mito, o que por outra banda teño escrito en diferentes artigos: un mito é a “unidade indisoluble da nación española” da que fala a Constitución. Os nacionalismos son moi proclives a producir mitificacións nas que se condensa a súa ideoloxía. Tales mitificacións, coma outras que se producen por moi diferentes vieiros, son reelaboracións de mitos do pasado, por

exemplo, o mito dun “pobo elixido”.

É o mito da nación española eterna...

Na fórmula que mencionei atopamos, como insostible idealización, a consideración da nación española como esencialmente indivisible e eterna, o cal non se pode afirmar nin dende a historia de España, que é resultado de complexos procesos históricos, nin dende a consideración comparativa do que ten pasado con tantas nacións ao longo do tempo que incluso, tendo afirmacións similares nas constitucións respectivas, se teñen fragmentado, teñen pertencido a estados distintos, etcétera. En definitiva, como mitificación da propia realidade de España, a afirmación da súa indisoluble unidade é unha afirmación dogmática, levada ao texto constitucional en relación coa referencia á soberanía nacional. Este é outro concepto que igualmente carga cunha compoñente forte de mitificación, cunha gran carga criptoteolóxica dentro (...)

O PSOE, a aplicación do 155 e un referendo pactado

En España, no Estado español, prisión para independentistas pola DUI, en Bruxelas, liberdade... É máis garantista o sistema belga?

O sistema xurídico belga enfróntase á demanda da Audiencia Nacional respecto a quen era presidente da Generalitat de Catalunya e catro membros máis do seu goberno, cunha distancia respecto dos feitos que lle permite, e lle esixe, un procedemento xudicial onde caben consideracións e prazos distintos dos que se teñen dado respecto dos outros membros do Govern, que se atopan en prisión preventiva, acusados de graves delitos de sedición e rebelión, máis o que se lles imputa como malversación e desobediencia. Todo parece indicar que a xustiza belga non aprecia, como se ten feito na Audiencia Nacional, o relativo a sedición e rebelión, o cal pode incidir en como se estableza a extradición de Puigdemont e os seus compañeiros. Que haxa esas diferenzas non quere dicir que o sistema xudicial español non sexa suficientemente garantista: iso haberá que valoralo, en todo caso, ao final do proceso iniciado. Si que dá pé a



pensar o que xa se puido soste, aínda sen comparanza ningunha co sistema belga: que a xuíza da Audiencia Nacional que estableceu a prisión incondicional sen fianza dos membros do Govern imputados se excede con tal medida. Isto quedou tamén de manifesto porque o xuíz do Tribunal Supremo que actuou respecto dos membros da Mesa do Parlament fixoo con moi distinto criterio, máis consecuente co garantismo respecto dos investigados, que o sistema xurídico español posibilita e esixe.

O PSOE apoiou a aplicación do artigo 155. Foi un erro? Cre que o entenden as bases que recolocaron a Pedro Sánchez á fronte do partido?

Haí que ter en conta que o artigo 155 xa aplicado é un feito. E ese feito tómasse como dato da realidade que pasou a ser incuestionable. Sendo a desembocadura, ata agora, do inacabado conflito de Catalunya, supuxo un fracaso político colectivo, con culpas que han de cualificar os tribunais e responsabilidades moi repartidas (...)

O artigo 155 ‘vendeuse’ como algo inevitable...

Persoalmente penso que se debeu facer máis para evitar a aplicación do 155, máis que dubidosa en canto á súa consistencia

legal en moitos extremos. Aínda que se viu por moitos como un alivio a convocatoria de eleccións para o 21 de decembro, creo que o rexeitamento en gran parte da sociedade catalá a como se ten operado co 155, e as consecuencias do que foi unha intervención pura e dura das institucións de autogoberno de Catalunya, poden traer consecuencias aínda non percibidas en toda a súa gravidade (...)

En Catalunya, o PSC sácase fotos cos restos da conservadora Unió, cando nun pasado non moi afastado os socialistas catalás estaban no tripartito. Son solubles estas contradicións?

Iceta, como primeiro secretario xeral do PSC e candidato, propiciou unha lista “transversal” como sinal ao electorado dunha determinada vontade de diálogo (...) De todos os xeitos, para propiciar un diálogo político en serio penso que son necesarias outras medidas, como clarificar as propostas (...) se se propuxese negociar un referendo legal e pactado para desbloquear a situación (...)

Como sería ese referendo?

A cuestión do referendo require de aclaracións máis que pertinentes. Falamos dun consulta legal sobre a relación entre Cata-

Continúa na páxina seguinte...



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com , Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiralde, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Disfrutemos do presente

Estamos rematando un ano. Un ano bastante violento política e socialmente. Dentro de tres días os cataláns serán chamados a votar unha vez máis, porque nos últimos anos levan votando a tira. Ao cambio climático só lle fan caso “catro pirados” como di o Presidente americano, un tal Trump, aínda que veñamos de disfrutar dun verán tan longo que case engancha coa primavera próxima. Parece que isto é normal. As autoridades dedícanse a tirarse os trastos á cabeza uns aos outros a ver quen fai máis dano político pero ninguén ergue a voz para dicir “basta, estamos acabando coa atmósfera; estamos violentando o engranaxe mundial e imos pagalo caro”. Ninguén; todos botan parches pero nada de decisións serias e profundas.

Os medios de comunicación intoxicannos paseniñamente; como unha murmaceira que nos vai enchoupando sen que nos deamos conta. Agora tamén temos internet. Ese avance, indiscutible, ben a sumarse a festa. Por internet insúltannos, míntennos descaradamente e parece ser que nada podemos facer para evitalo. Ata chegamos ao punto de que decide resultados electorais.

É curioso; cando comezou a democracia (bueno, isto que lle din democracia, porque tamén tiñamos que falar en serio sobre elo) os que nos metemos nestes lios políticos e sociais denunciabamos o

chamado voto cautivo, o caciquismo dos de antes que, coma os camaleóns, seguían mandando só cun cambio de chaqueta. Houbo os que cambiaron varias chaquetas.

A cuestión é que os cidadáns de a pé, non os do PP., non se enteran de nada. Cada semana hai tres ou caro partidos de fútbol, programas como “salvame” e outros así que teñen comido o coco ao persoal. Antes eran os touros os soníferos, agora é o fútbol, e non vexamos con que intensidade. Pode haber tiros, hainos, por unha disputa dun gol metido ou non.

Amigos meus, o ano acaba, antes en Cataluña vannos dicir que vai pasar con Rajoy e o seu goberno, porque desta non se libran. Se os nacionalistas voltan a gañar, ou polo menos conseguir a metade dos votos, que vai facer o goberno central,

¿seguir co 155? Entón si que temos “guerra”, aínda que sexa sen balas, que tamén.

Nós, por estes lares seguimos de observadores. Os nosos políticos xa están acostumbrados a pelearse uns cos outros mentras os que mandan seguen a mandar e moitas veces a burlarse de

superior que nos vai sacar as castañas do lume, poida que esta xente nos deixe algunhas castañas, aínda que sexan das máis fracas, desas que non dai queimado nos magostos. !!quen sabe!!

Páseno ben, traten de disfrutar ao máximo nesa parceliña pequena de intimidade que aínda todos podemos defender. Non se fagan ilusións.

Aquí o mellor é disfrutar ao máximo das nosas pequenas



nós.
Para
eles

non temos

categoria para dirixir o noso País. Temos que agradecerlles que estean aí, aínda que sexa chuchándonos todo o que poidan.

Chega tamén o Nadal. Agora xa pouca xente cre nos milagres, pero creo que temos que voltar a crer para non volvernos tolos. Se pensamos que hai un ser

na s

cousas.

Que eles se

inchen a panza coas súas cuchipandas; ata podemos ter a sorte de que morran dun atracón. Nunca se sabe.

Bon Nadal a todos/as e que o 2018 nos ofrezca o seu mellor sorriso!!

...ven da páxina anterior

lunya e o Estado, previa a un proceso de reforma da Constitución. E iso para que dito proceso conte coa lexitimidade necesaria(...) Polo demais, á vista está que consideracións como estas quedan lonxe de ser compartidas pola maioría da militancia socialista, que se mantén apegada ás decisións da Executiva, polo consabido motivo de non restar apoio ao secretario xeral (...) **O alcalde de Terrassa rachou o carné do partido. Outros dirixentes socialistas cataláns tamén teñen dimitido. Ve vostede posible que o PSOE gañe eleccións xerais sen o apoio do PSC?**

É unha consolidada constatación sociolóxica, de demoscopia electoral, que sen un determinado apoio de votantes ao PSC, non chega ao PSOE a maioría necesaria no conxunto de España para poder formar goberno. Ou incluso para estar en boa disposición cara a formar alianzas parlamentarias para iso. Polo tanto, se por presións do PSOE resulta que o PSC non lle ofrece ao electorado catalán unha mensaxe clara e crible de Estado federal plurinacional, no que Catalunya teña recoñecida a súa condición de nación política, o campo socialista resentirase

como consecuencia. Para nacionalismo espanyolista xa están PP e Cs.

A prol dunha moción de censura e dunha federación plurinacional Equivócase Pedro Sánchez con Catalunya? A reforma constitucional que propón o PSOE resulta nestes momentos incerta. Hai quen cre que pode ser unha xogada lampedusiana, para que nada cambie...

Sobre como e quen acertará sobre a solución, non só do conflito de Catalunya, senón para a grave crise do Estado español, dirao o futuro. Podo estar trabucado na miña apreciación e proposta, pero son dos que pensa que a crise é de tal calibre, que todo serán parches se non se vai cara a un proceso constituínte, que dea paso a un novo pacto constitucional, como pacto federal efectivo.

Vostede é federalista, republicano, e defende un Estado plurinacional. Cre que Catalunya, Euskadi e Galicia poderían ter un encaixe confederal?

Falar de confederación supón determinados elementos que habería que sopesar con detemento. Ten que saberse que a mesma Confederación Helvética, na que

pode pensarse, é de feito un Estado federal máis que estritamente confederal (...) Con todo o que de positivo tivo, o Estado das Autonomías, desenvolvido no marco da Constitución do 78, está esgotado.

Puigdemont está gañando moitos enteros en internacionalizar o conflito catalán ou esa estratexia de “exilio” era quizais para outro escenario?

Ninguén dubida de que o independentismo tivo éxito no xeito de como trasladou á opinión pública internacional a crise de Catalunya. E máis por contraste con actuacións policiais do 1 de outubro (...) Sobre a súa presenza en Bruxelas, son dos que pensan que falar neste caso de “exilio” é excesivo, por non ter nada que ver con quen en verdade tiveron que se exiliar tras a Guerra Civil e durante a ditadura franquista. Por outra banda, saír fóra de España para manter un goberno no exterior como lexitimo non se compadece coas declaracións dos mesmos independentistas respecto do que era unha evidencia: nin había estruturas de Estado nin se contaba co apoio democrático suficiente da cidadanía (...) As actuacións de Puigdemont confirman o mesianismo co

que se ten revestido e a improvisación coa que, en xeral, se ten actuado.

As expectativas de aproximación PSOE-Podemos están irreversiblemente tocadas?

Desexaría pensar que a colaboración no futuro entre PSOE e Podemos segue sendo algo factible, mais a realidade indica agora mesmo que está de novo difícil. As formulacións respecto de Catalunya e a crise do Estado están moi distantes. Habería que dar novos pasos por ambas partes: (...) **Despois das eleccións catalás habería que convocar unhas xerais?**

Convocar eleccións xerais anticipadas é algo que está na man do presidente Rajoy e farao cando vexa que as circunstancias políticas lle sexan favorables, o cal non está lonxe de ocorrer. O caso é que, sendo o presidente do Goberno que, á vez, o é do partido que está sentado no banco por unha escandalosa corrupción sistémica, e sendo o caso que segue a ser indigno ostentar a presidencia do Goberno polos mesmos feitos e eludir a responsabilidade política, o que procedería é facer a moción de censura tan esperada como aprazada.

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Esquerda Unida solicita a convocatoria do Consello Sectorial Social

O Concello incumpriu esta convocatoria oito veces consecutivas

Esquerda Unida de Ponteareas rexistrou o pasado 23 de novembro unha solicitude dirixida ao alcalde para que se convoque o Consello Sectorial Social antes de fin de ano.

Na solicitude rexistrada, EU expón que a pesares de que entre as modificacións do regulamento deste consello, aprobadas polo Pleno en novembro de 2015 estaba a de celebrar as xuntanzas do mesmo bimestralmente, este non se reúne dende xullo de 2016. Foi en vista deste reiterado incumprimento do regulamento, que ESQUERDA UNIDA solicitou ao alcalde, máximo responsable do concello, que se proceda á convocatoria do consello antes do remate do ano 2017.

De non facerse así o concello estaría incumprindo os prazos de convocatoria por novena vez, cuestión totalmente inaceptable sobre todo tendo en conta que todos os grupos que forman a Xunta de Goberno apoiaron co seu voto favora-

ble as modificacións do regulamento aprobadas no ano 2015.

EU aclara que a competencia para convocar o Consello Sectorial Social correspóndelle, segundo o regulamento aprobado e como delegado do alcalde, ao concelleiro de Servizos Sociais, que é polo tanto, o primeiro responsable deste incumprimento. Se ben é certo que no regulamento tamén se contempla a posibilidade de que o Consello se reúna de forma extraordinaria sempre que o solicite unha quinta parte dos membros do Consello Sectorial, a forma de reunión ordinaria é de carácter bimestral, polo que non cabe xustificarse en que non se solicitou por esa vía.

Esquerda Unida lamenta o ninguneo ao que a Xunta de Goberno de Ponteareas somete ao Consello Sectorial Social, sobre todo tendo en conta o suposto compromiso co mesmo manifestado cando estaban na oposición.

EU lembra a importancia que ten este consello, o cal realiza un seguimento da situación social do concello e achega propostas de mellora de xeito participativo pola veciñanza, partidos políticos e organizacións sindicais e sociais.



O PP de Ponteareas “quenta motores” cun xantar

O Partido Popular de Ponteareas celebrou o domingo 17, unha comida de Nadal cos afiliados e simpatizantes no Restaurante “El Otro Mundo del Tea”.

Os populares, encabezados polo seu Presidente Local, Salvador González Solla e pola Concelleira e Deputada Provincial, Belén Villar, estiveron acompañados polo Concelleiro de Sanidade, Jesús Váz-

quez Almuíña, pola Directora de Turismo de Galicia, M^a Nava Castro Domínguez, polo Director General de Desenvolvemento Rural, Miguel Ángel Pérez Dubois, pola Alcaldesa de Moraña e Secretaria de Organización, María Luísa Piñeiro.

Nas súas intervencións analizaron distintos temas de carácter local e autonómico e desexáronlles aos asistentes unhas felices festas e un próspero aninovo.

As bandas de música de Xinzo e Guláns solicitan a negociación dun novo convenio

O Concello de Ponteareas ten dende o ano 2006 un convenio de colaboración asinado coas tres Bandas de Música de Ponteareas; a Banda de Música Xuvenil de Xinzo, a Unión Musical de Guláns e a Banda de Música “Reveriano Soutullo”, por un importe total de 7.212,15€ para cada Agrupación Musical a cambio da realización de diferentes concertos durante todo o ano dentro da programación cultural do Concello.

Francisco Represas (Presidente da Banda de Xinzo) e Carolina Groba (Presidenta da

Unión de Guláns), denuncian que na actualidade, “a relación de colaboración de ambas Bandas de Música co Concello de Ponteareas, NON cumpre por diferentes motivos coas estipulacións recollidas no convenio de colaboración que asinamos ambas institucións en xaneiro do ano 2006”. “Así mesmo, tamén consideramos que despois de 10 anos dende a firma do actual convenio, é necesaria a súa actualización”. As Bandas de Música, son un dos piares fundamentais que posúe o Concello de Ponteareas, pero é imprescindible que a ad-

ministración local potencie con moita máis intensidade a súa promoción e difusión, como garante do seu máximo apoio ao patrimonio cultural do propio Concello.

Por este motivo, os representantes de ambas Bandas de Música rexistraron o día 13 decembro un escrito conxunto de denuncia ao actual convenio de colaboración que manteñen co Concello de Ponteareas. Xunto ao escrito de denuncia, entregaron unha proposta conxunta na que se recollen os puntos fundamentais que solicitan que se inclúan



no novo convenio de colaboración, no que destacan o aumento a 9.000€ na aportación anual que fai o Concello de Ponteareas a cada Banda de Música, e unha remuneración especial para as actuacións que se podan producir

na Festividade do Corpus.

Por último, as Bandas de Música de Xinzo e Guláns solicitan ao Sr. Alcalde, Xosé Represas, que mentres non se asine un novo convenio entre ambas entidades, siga vixente o actual.



Vigo: Rúa León, 11
986 121 010

Ponteareas: Rúa Real, 34
986 661 919

O Porriño: Rúa O Pinar
986 333 333

Tui: Hnos. Maristas, 7
986 607 077

pizza plus
pizzaplus.com

BARCO LEON

Pinturas

CONSTRUCCIONES Y REFORMAS EN GENERAL

- Venta y Aplicación de Pinturas
- Repel pintado, Maniquita y Tarima

Omar Jose Fariña Barco obforina@gmail.com
Telfs: 986 651 145 - 609 366 364 - 986 650 920
C/ Villanueva, 18 A CAÑIZA - C/ Paseo Matutino, 2 PONTEAREAS

O Xeodestino Condado Paradanta posiciónase na axenda turística

O Concello de Ponteareas lidera o Xeodestino Turístico Terras do Condado - A Paradanta que foi presentado o día 13 no Hotel Balneario de Mondariz. Dez concellos (A Cañiza, As Neves, Arbo, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz Balneario, Salvaterra, Salceda de Caselas e Ponteareas) forman parte deste xeodestino que nace co obxectivo de posicionar ás dúas comarcas no calendario dos turistas.

Coa intención de promocionar os recursos naturais, patrimoniais, etnográficos, e gastronómicos, o Xeodestino Condado Paradanta contará cunha páxina web que foi presentada xunto á guía turística da zona e a un mapa que guiará aos visitantes polos roteiros non só medioambientais e históricos se non tamén gastronómicos ofrecendo ademais un paquete de turismo viño+auga.

Na presentación interviron o presidente do GDR e Alcalde da Cañiza, Miguel Domínguez; o Presidente do Xeodestino e Al-



Autoridades na presentación de o Xeodestino en Mondariz Balneario.

calde de Ponteareas, Xosé Represas; os técnicos responsables do proxecto das empresas AVIAE E INICIATIVA; a directora xeral de Turismo da Xunta de Galicia, Nava Castro e o Alcalde de Mondariz Balneario, José Antonio Lorenzo.

No encontro tamén lanzaron dous vídeos promocionais que serán distribuídos en feiras, xornadas turísticas, axencias, plataformas webs, medios de

comunicación e redes sociais.

O Xeodestino Terra do Condado-A Paradanta está financiado pola Axencia Galega de Turismo de Galicia cunha achega de 30.000 € para este ano 2017.

Conscientes da necesidade de sumar esforzos, os Alcaldes do Condado Paradanta asinaron un convenio coa Axencia Galega de Turismo de Galicia que permite agora dar luz verde a esta iniciativa.

O parque infantil da Perillana renovado cun orzamento de 57.000€

O Concello de Ponteareas redeseña o parque infantil da Perillana que a partir de agora contará con novos xogos diferentes ocupando unha maior superficie. O chan de caucho será renovado por completo.

Na obra, que xa comezou nestes días, estanse a retirar os xogos deteriorados incorporando elementos de xogo novos, algúns adaptados a menores con mobilidade reducida, incorpora unha tirolina cunha caída de un metro para nenos e nenas maiores de cinco anos, unha casa árbore, unha formiga tobogán, balancíns e montañas con camas elásticas e tobogáns en acero inox, entre outros elementos.

Todos os xogos serán de materiais antideslizantes e disporáanse de xeito que faciliten a socialización dos cativos e cativas e con cores uniformes para a súa integración nunha contorna

de elevando valor patrimonial.

O entorno do parque infantil mellorarase tamén coa colocación de bancos e papeleiras que completa un orzamento de 57.003€.

Para o goberno de Ponteareas a mellora da calidade de vida dos máis novos é fundamental xa que son o futuro de Ponteareas. Seguindo as directrices marcadas na estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable" o goberno apostará sempre pola implantación de áreas de convivencia e participación, a mellora de espazos que faciliten a socialización e promovan hábitos de vida saudables.



Vinoteca
Eira Vella
viños, tostas, pulgas e demais ...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas

694 416 706

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

A CASA da TRIGA

a túa casa desde 1927

Cervexas . Embutidos . Tostas . Ensaladas
Hamburguesas . Vegano . Conservas

Praza Maior . Ponteareas

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA

BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

CAFETERÍA
O PEYO

Desayunos - Bocadoillos - Hamburguesas - Pizzas
Futbol en pantalla gigante

Plz. Mayor, 5
Ponteareas

Tlf.: 986 660 368

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

O PP esixe ao goberno que continúe coa Rede de Casa Culturais

O goberno do Sr. Represas, en dous anos e medio de goberno, non proxectou ningunha obra nova tendente a ampliar e mellorar a Rede Municipal de Casas Culturais.

Desde o Partido Popular compartimos o sentir dos veciños e veciñas e das directivas da Rede Municipal de Casas Culturais que xa están cansados de falsas promesas e de desculpas infundadas e de botar a culpa de todo aos demais.

O que si temos claro é que o actual goberno tripartito, nos dous Plans Concellos da Deputación Provincial 2016 e 2017, só investiu o 1,7% en novas obras da Rede Municipal de Casas Culturais, concretamente na rampla de acceso á Casa Cultural de Ribadetea, obra aprobada a principios de ano e agora ao fin de 2017 aínda está sen executar.

Durante os mandatos de Salvador González Solla como Alcalde iniciouse a "Rede Municipal de Casas Culturais" na que se investiron máis de seis millóns de euros en obras



de nova construción, ampliación e mellora das instalacións socioculturais preexistentes, xa que en moitas parroquias no existía un espazo público onde os veciños e colectivos puideran reunirse e onde puideran levar a cabo o desenvolvemento de diversas actividades socioculturais. Con este fin remodelouse integramente o Auditorio Municipal, construíronse 9 novos centros culturais, así como tamén obras de ampliación e reformas en 13 máis.

Pero ademais de construír e colaborar cos diferentes colectivos nas diversas remodela-

cións, apostouse pola colaboración no seu funcionamento e mantemento, poñendo en marcha tres programas básicos para desenrolo destes centros, como foron o Plan Cultural Municipal, o Plan Formativo Municipal e o Plan de Axudas ao Funcionamento e Mantemento dos Centros; ademais da instalación de diversas zonas de xogos infantís e a pavimentación dos accesos e contornos das devanditas instalacións culturais, e todo isto nunha situación económica moito máis delicada da que se atoparon os actuais gobernantes.

Subvencións a colectivos sociais, veciñais e culturais por valor de 34.000€

O goberno de Ponteareas co obxectivo de apoiar as iniciativas da veciñanza e promover o asociacionismo ven de convocar tres liñas de subvencións por valor total de 34.000€.

Por un lado e co obxectivo de fomentar e apoiar as iniciativas das entidades sen ánimo de lucro, convoca as subvencións dirixidas ás entidades sociais que desenvolvan programas para promover o benestar social da cidadanía de Ponteareas, a través de accións ou actividades de prevención, asistencia, incorporación social, fomento e sensibilización da participación cidadá, igualdade de oportunidades entre homes e mulleres... todas elas dentro do ámbito de intervencións das Concellerías de Servizos Sociais e de Benestar Social e Igualdade e que se realicen durante o ano 2017 cun total de dez mil euros.

Por outro lado, o goberno convoca a subvención para investimentos destinada a colectivos de interese veciñal (asociación de veciños, comunidades de usuarios de augas, comunidades de montes). O Concello de Ponteareas achegará un total de 15.000€ tanto para a reali-

zación de obras como de equipamentos, camiños veciñais e traídas de augas co obxectivo do mellor aproveitamento dos recursos públicos. A axuda económica que se conceda poderá acadar ata o 80% do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 6.000€ para a realización de obras e de 3.000€ para a dotación de equipamentos.

Por último, publícanse as bases de subvencións para aquelas entidades que realizan actividades festivas e culturais, principalmente ao aire libre, non ligadas ás festas patronais ou tradicionais de cada parroquia, e para as que non perciben axuda doutras convocatorias municipais por valor total de 9.000€.

O sábado día 9 o Alcalde de Ponteareas reuniuse no salón de plenos coas traídas de augas para aclarar dúbidas e tamén recoller as demandas e posibles suxestións dos usuarios para realizar en 2018 unha convocatoria cunha cuantía que permita apoiar as obras veciñais nun servizo básico como é a auga en todas as vivendas e o mesmo día noutra reunión cos colectivos que poden ser beneficiarios das outras dúas convocatorias.

Óptica mahen
mahen audioprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

PONTEAREAS

O goberno investiga a procedencia dos vertidos ao río que prexudican o normal funcionamento da depuradora

Técnicos de Medio Ambiente recollen mostras en distintos puntos

O goberno de Ponteareas ten aberta unha liña de investigación para averiguar a procedencia de vertidos puntuais que nos últimos meses están a afectar o normal funcionamento da depuradora.

Estes vertidos, agresivos co sistema de depuración, non se corresponden cos vertidos que habitualmente trata a a estación de tratamento de augas residuais sita na Moscadeira, está a perxudicar o seu funcionamento.

Técnicos de Medio Ambiente acompañados da Policía Local recollerón mostras dos vertidos



tanto na zona de saída da depuradora como en distintos puntos que poidan gardar relación e en diferentes arquetas para detectar a súa orixe e abrir os correspondentes expedientes sancionadores, se fora o caso.

A rede de depuración non

conta cun sistema regular de mantemento, tema no que esta a traballar o goberno actual para unha correcta xestión da rede existente e que permita tamén detectar estas situacións de vertidos indebidos para o seu tratamento na depuradora existente.

Os servizos de emerxencia do Concello de Ponteareas atenden as consecuencias do temporal

Os servizos de emerxencias da Concellería de Seguridade Cidadá do Concello de Ponteareas atenderon as incidencias acontecidas por mor do temporal dos días 10 e 11.

As balsas de auga en determinados puntos e árbores caídas que imposibilitaban o tráfico foron os principais motivos para o corte de distintos tramos de estradas como a de Guillade que se cortou por unha balsa de auga que puña en perigo a circulación ou a da Freixa hacia o Pardellas ou a de Moreira na zona das vivendas así como a zona da Moscadeira que permaneceu pechada por precaución.

Dous reténs dos bombeiros e outro de Protección Civil coordinados dende base polo xefe dos bombeiros e pola Concelleira de Seguridade Cidadá, Vanesa Fernández, os bombeiros atenderon tamén unha excarceración nun



accidente de tráfico acontecido no Concello de Covelo ás 21 horas por unha saída de vía. Os voluntarios de Protección Civil tamén tiveron que atender un derrubamento de terra na zona de Lentilla do Concello de As Neves.

Os servizos de Medio Ambiente tamén estiveron activos para atender incidencias en garaxes anegados.

Ata os puntos de incidencias tamén se achegaron o Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a Tenente de Alcalde e Concelleira de Vías e Obras, Chus Garrote.

Os bombeiros de Ponteareas procederon á retirada de árbores que cruzaban as estradas e revisaron xunto a técnicos de medio ambiente as estradas do Concello para comprobar que todas estaban no estado correcto.



Miguel Rodríguez gañador da Copa Galicia de Ciclocross

O Cadete do Clube Ciclista Ponteareas Miguel Rodríguez declarouse no I Cx Caimanes Betanzos, gañador da Copa Galicia de Ciclocross.

O ciclista, fixo unha tempada de ciclocross meteórica, xa que cunha clara ventaxa en puntos impusose ao segundo clasificado.

Miguel Rodríguez é un neno do Clube que na tempada 2017 participou en probas de MiniBTT conseguindo ser tamén o Primeiro da categoría Infantil.

Estrease na categoría cadete no Ciclocross, marcando un gran ritmo cos seus compañeiros doutros equipos. Na tempada que ven, Miguel Rodríguez seguirá marcando diferenza pero na categoría Cadete xunto cos seus compañeiros de equipo.

O Ciclocross é unha modalidade na que o Clube Ciclista Ponteareas foi un referente no panorama galego, voltando con Miguel Rodríguez e o seu compañeiro de equipo pero na categoría Junior Adrián Giraldez, o cal tamén se atopa nos primeiros postos da clasificación a falta de rematar a tempada.

Tamén se atopa na competición de Ciclocross, Borja Gomez o cal xunto co seu pai Calis, dan unha forza e deportividade a tódolos Clubes Ciclistas Galegos.

Este ano co cambio de normativa, poden participar dende a categoría principiante, polo que varios nenos e nenas do clube quixeron probar dita modalidade resultándolles moi enriquecedora.



Un dron para os bombeiros

A Concellería de Seguridade Cidadá do Concello de Ponteareas estuda o emprego de novas tecnoloxías e ferramentas como o dron para actuacións de emerxencia e para o desenvolvemento diario dos bombeiros de Ponteareas.

Vanesa Fernández, Concelleira de Seguridade Cidadá, explica que para mellorar a calidade do servizo dos bombeiros

ros e axilizar nas súas actuacións, están estudando incorporar o uso do dron para o que parte do persoal de bombeiros debería formarse nun curso básico de cincuenta horas de duración e nun curso avanzado de 70 horas teórico-práctico que lle permita obter a titulación de "piloto de RPAS (Remote Pilot Authorized System) homologado por AESA a través de ATO.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

DECEMBRO

MAR
5

Ás 16:30h na carpa da Praza Maior Photocall promocional da pista de xeo ecolóxica.

Na Praza Maior ás 17:30h Hakuna Matata a cargo de Troula Animación.

Ás 18:30h Inauguración do alumeado de Nadal na Praza da Música.

MÉR
6

Ás 17h no Auditorio Municipal. Espectáculo familiar músico-teatral Odaiko Invención.

XOV
7

Na carpa da Praza Maior ás 17h. Espectáculo de Maxia e Humor a cargo do grupo LEO LEIÑO

VEN
8

16:30h, carpa da Praza Maior. Apertura da pista de xeo.

Na carpa da Praza Maior ás 17h. Obradoiro medioambiental: Boneco en maceta. EDUVÍA

SAB
9

Ás 20h no Auditorio Municipal concerto presentación do disco "Groba", con obras de Rogelio Groba, a cargo da Orquestra de Cámara Galega, baixo a dirección de Rogelio Groba Otero.

DOM
10

Ás 18:30h. no Auditorio Municipal concerto da Banda de Música Unión de Guláns

VEN
15

Ás 17h no Auditorio Municipal Presentación do programa Apego. Animación Fíos do querer a cargo de Cé Orquestra Pantasma.

Ás 20:30h na Casa do Concello VENRES D_ Letras. As receitas de Rosaura de Isabel Blanco

SAB
16

Ás 18h no Auditorio Municipal Uxía Lambona e A Banda Molona.

DECEMBRO

DOM
17

Ás 19h. no Auditorio Municipal **Concerto de Nadal** de Obradoiro Vocal A Vila e Cantemos infantil e xuvenil

LUN
18

Na Sala Multiusos do Auditorio **Audicións do CMUS Reveriano Soutullo**.

Ás 18:30h. Audición de Guitarra.

Ás 20:00h. Audición viola & violonchelo.

MAR
19

Na Sala Multiusos do Auditorio **Audicións do CMUS Reveriano Soutullo**.

Ás 17:00h. Audición de violín.

Ás 18:30h. Audición de Piano.

Ás 20:00h. Audición de Guitarra.

MÉR
20

Ás 20h. no Auditorio Municipal **Audicións do CMUS Reveriano Soutullo**. Concerto de Nadal.

XOV
21

Ás 17h. na carpa da Praza Maior **Obradoiro baile moderno** coa C. A Vila.

VEN
22

Na carpa da Praza Maior de 11 a 13h e de 17 a 20h **Ludoteca**. Organiza Banastra, Federación de Comercio e Hostalería.

Ás 19:15h. na carpa da Praza Maior visita do **Apalpador e chocolatada**. Recepción ás 19h na Casa do Concello.

DECEMBRO

SAB
23

Na carpa da Praza Maior de 11 a 13h e de 17 a 20h **Ludoteca** e visita de Papá Noel. Organiza Banastra, Federación de Comercio e Hostalería.

DOM
24

Dende ás 17h animación polas rúas da vila coa **Charanga SDK**

MAR
26

No Mercado Municipal de 11 a 13h. **Obradoiro infantil de cociña**. Organiza Banastra, Federación de Comercio e Hostalería.

MÉR
27XOV
28

Ás 17h na carpa da Praza Maior **Trasnadas cos trasnos de nadal** a cargo da C. A Vila

VEN
29

Ás 20h. no Auditorio Municipal **Concerto de Nadal** a cargo da Banda de Música Reveriano Soutullo

SAB
30

Dende ás 11h animación polas rúas da vila a cargo da **Rondalla de Pontellas**.

Ás 18:15h. na carpa da Praza Maior visita do **Apalpador acompañado da treboada do Baixo Miño e chocolatada**. Recepción ás 18h. na Casa do Concello.

Ás 20h. no Convento de Canedo, **concerto da Orquestra Clásica Divertimento**.



XANEIRO

MÉR
3XOV
4

De 11 a 13h e de 17 a 20h na carpa da Praza Maior **Ludoteca**. Organiza Banastra, Federación de Comercio e Hostalería.

VEN
5

Ás 12h. na Casa do Concello. **Recepción aos Magos de Oriente**.

Dende as 16:30h. **animación nas rúas e prazas** cos grupos de Ranchos de Reis de: As Cortellas, Guláns, Fozara e Santiago de Oliveira.

Ás 18h **Gran Cabalgata**.

ACTIVIDADES DEPORTIVAS

SAB
23

Ás 9h no Campo Municipal de Pardellas **Torneo de Nadal S.D. Juvenil**. Fútbol 8, categorías prebenxamín, benxamín e alevín.

DOM
31

VI San Silvestre Solidaria polas rúas do centro urbano. Organiza Taninos Runners e Concello de Ponteareas.

Ás 16:45h. de 6 a 13 anos. Ás 17:30h. Maiores, de 14 anos en diante.

PROGRAMACIÓN
NADAL

CAMPUS TEA NADAL 2017 DENCE O DÍA 22 DE DECEMBRO 2017 ATA O DÍA 5 DE XANEIRO DE 2018 EN HORARIO DE MAÑÁ.

PISTA DE XEO: Na carpa da Praza Maior dende o 8 de decembro ata o 7 de xaneiro. Acceso con tiquets de compra no comercio local

ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN INFANTIL
NAS CASA CULTURAIS DAS PARROQUIAS

LUNS: 11 e 18, Ribadetea, Padróns e Pías

MARTES: 12 e 19, Guillade, Santiago de Oliveira, Areas e Bugarín.

MÉRCORES: 13 e 20, Cristiñade e Guláns.

XOVES: 14 a 21, Xinzó, Moreira e Ponteareas

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

PONTEAREAS



Concello de
PONTEAREAS

www.ponteareas.gal



Comunidades, Colegios, oficinas
cristaleras, moquetas, abrillantado
de suelos, primeras obras,
limpieza de fachadas

Rúa As Lavandetas, 3 Bajo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

EMILIO
seguros



DECESES · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...

telf. información: 609 544 351

forjados
hnos. duran s.l.



Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribarteme, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

Teléf. 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

PONTEAREAS

Ponteareas marabilla ao público do Culturgal coa mostra da nosa cultura

Os días 1, 2 e 3 de decembro tivo lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra a X Feira de Industrias Culturais de Galicia – CULTURGAL 2017 no que participou o Concello de Ponteareas.

O evento ten como finalidade fomentar a contratación de empresas e colectivos culturais de Galicia, amosándose coma unha plataforma única de publicidade e de intercambio comercial de amplo alcance.

Un ano máis, o Concello de Ponteareas quixo tomar parte desta importante cita do calendario cultural galego contando cun stand informativo no que expuso 6 bloques de industrias culturais destacadas da nosa cidade.

No espazo principal desta Feira, ante

a atenta mirada dos visitantes do Culturgal, tiveron lugar as actuacións do cuarteto da Banda de Gaitas Tremiñado e do Rancho de Reis de Fozara. Ademais, proxectouse un vídeo promocional para animar a todas as persoas a visitar Ponteareas e coñecer os recursos turísticos dos que dispomos.

Na presentación, o alcalde, Xosé Respresas, acompañado da concelleira de Cultura, Hortensia Bautista, destacou o enorme patrimonio musical co que conta Ponteareas, sendo un pilar fundamental dos recursos turísticos da nosa vila. Así mesmo, convidou aos presentes a achegarse a Ponteareas para contemplar estas actuacións musicais, que terán espazo na programación de nadal elaborada polo Concello de Ponteareas.



Presentado no auditorio o disco “Groba, obras para orquestra”

O auditorio municipal de Ponteareas acolleu a presentación do disco “Groba, Obras para Orquestra” gravado pola Orquestra de Cámara Galega e Rogelio Groba Otero no auditorio de Galicia en Santiago de Compostela e no Teatro Colón de A Coruña, o pasado día 9 de decembro.

Baixo a dirección artística de Rogelio Groba Otero e como técnico de son Pablo Barreiro a Orquestra presentou unha hora de música clásica con obras do mestre Rogelio Groba Groba, o máis prolífico e impor-

tante compositor galego desde mediados do século XX, nado na parroquia de Guláns, Ponteareas.

Coa colaboración do Concello de Ponteareas, da Orquestra de Cámara Galega, Radio Galega e de Demúsicade, neste disco escoitamos as suites Intres Boleses, composta por seis movementos e Fausto, Danza de Albae Polas Rúas de Ponteareas, todas elas composicións que o mestre Rogelio Groba Groba compuxo en diferentes momentos da súa traxectoria como

creador musical.

Como primicia e única oportunidade para adquirir o disco, a OCG foi posto á venda ese mesmo día antes e despois do concerto no hall de entrada do auditorio.

Rogelio Groba Groba é un dos compositores máis importantes da segunda metade do século XX. Con máis de 700 obras no seu haber, é sen dúbida, o autor máis prolífico de Galicia e no seu catálogo podemos encontrar representados tódolos xéneros, desde as 6 óperas, sinfonías, concertos, música de cámara, ballets, cantatas.

milfollas
LIBRERÍA • PRENSA • PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

ORTOPEDIA MABER

Telf.: 986 182 738

Rúa de Oriente, n.º 11 baixo - 36860 PONTEAREAS
ortopediamaber@gmail.com

Panadería Pastelería
A Fogaza
Pan Artesano

Dario Bugallal, 7 Ponteareas
Telf.: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

MADERAS PUZO
Fábrica de Molduras

Puzo - Lira, s/n.
36862 Salvaterra do Miño
(Pontevedra) - España
Telf.: +34 986 644 051
Fax: +34 986 644 603

Nosa Terra RESTAURANTE

Especialidad:
Embutidos Variados
Carnes y Pescados

Cerrado: Lunes

Menu Obrero

986 906 214

C/ Camelias, 10
36860 Ponteareas

ELECTRICIDAD IN. M. A. C. CONDADO, S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1503

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tell. 986 65 82 07 Móviles 651 86 01 55 - 85 email: administracion@electricidadcondado.es
Polig. Ind. Chan da Ponte, Nave 1 - 36450 SALVATERRA DE MIÑO

CONDADO/PARADANTA

GALERÍA DE HERNÁNDEZ



Covelo recibe aos seus campións de Europa de patinaxe artística

Os deportistas do Club Patinaxe Covelo Albino José Estevez Pérez e Alba Lishi Alonso foron recibidos por parte do Alcalde, Pablo Castillo e parte do equipo de Goberno.

Felicitáronlle polos éxitos alcanzados nesta tempada e sobre todo o resultado da Copa de Europa. Tamén lles fixo entrega

dunha placa de recoñecemento e animoulles a que sigan co seu traballo.

Albino e Alba proclamáronse campións da Copa de Europa na categoría de cadete promocional en Tomar-Portugal. Actualmente son subcampións de España. Ademais, Albino foi seleccionado para formar parte da preselección nacional de 2018.



As Neves inaugura a remodelada Biblioteca municipal

O Concello de As Neves inaugurou a remodelada biblioteca municipal, que ampliou o seu espazo no baixo da Casa do Concello. A remodelación foi financiada dentro do programa Concellos da Deputación de Pontevedra con un custe de 35.000 euros.

Pretende ser un espazo activo de lectura, creación e participación. Na sala de creación destaca a mesa de tres módulos recolocables para traballar en equipo, con pizarra dixital e ordenadores portátiles.

Nela estase a traballar actualmente no arquivo de máis de 3000 negativos doados pola familia do fotógrafo Alejandro Alfonso Estévez.

Tamén hai unha zona infantil con pizarra, alfombra e pufs.

A inauguración, adiada polos incendios, tivo lugar o domingo 19 de novembro.

A biblioteca abre de martes a venres, de 11.00 a 13.00 horas e de 17.00 a 20.00 horas e os sábados, de 10.00 a 14.00 horas.

Mondariz celebra a Feira do Pan

O Mercado de Abastos de Mondariz acolleu a recuperación da tradicional «Feira do Pan».

Ao remodelado Espazo de Emprendemento Comercial

Mondariz Praza acudiu numeroso público e desenvolvéronse actividades como unha andaina ou un obradoiro de pan ecolóxico para nenos e un para adultos. Amenizou a

degustación coa súa música o grupo "O Son do Río"

O alcalde Xoán Carlos Montes Bugarín, que amosaba a súa satisfacción polo resultado desta Feira do Pan, salientaba que a intención era "poñer en valor non só o pan como produto, senón aos seus artesáns que fan de Mondariz terra de panadeiros por excelencia".



PONTEAREAS

ACIP denuncia caos e conflictividade no conservatorio de Ponteareas

O voceiro de ACIP, Juan Carlos González Carrera denuncia a situación de caos de dunha nefasta xestión do conservatorio Reveriano Soutullo, de Ponteareas, por parte da Concelleira de Educación, Cristina Fernández, que fai caso omiso ás peticións dos pais e impide un funcionamento normal do mesmo.

O profesor de percusión é un dos perxudicados polas trabas que lle pon o Equipo Directivo coa complicidade da Concelleira de Educación. Abrironlle varios expedientes que tuvo que derimir nos tribunais, co gasto económico que iso supón. Os xulgados déronlle a razón. Poderíamos estar diante dun acoso laboral.

O que resulta denunciado son as diferentes varas de medir que se utilizan nos casos de denuncias dos pais, que sempre hai. Nuns casos ábrese expediente, os pais reciben as explicacións correspondentes e o expediente péchase; noutros casos non; depende quen sexa o profesor.

Esta situación crea un ambiente perxudicial para os propios alumnos, segue dicindo o voceiro de ACIP, obrigándolle aos pais ter que intervir nos problemas do Centro pola ineficacia e falta de rigor da Concelleira.

Os Magos de Oriente buscan paxes

Como cada ano, dende a Concellería de Cultura está a traballar na organización da cabalgata dos Magos de Oriente do vindeiro día 5 de xaneiro de 2018. Acompañando as súas maxestades irán un grupo de paxes infantís. Para participar como paxe, os pais, nais ou titores legais deben presentar a solicitude por rexistro de entrada ata o día 22 de decembro. A participación decídese por orde de entrada das solicitudes no rexistro xeral do Concello.

Poden participar nenos de idades comprendidas entre os seis anos e os catorce anos. Posteriormente dende a Concellería poráñse en contacto cos pais, nais ou titores legais para que asinen a correspondente autorización e proben o traxe.

Dita situación chegou a que os propios pais asinasen un escrito reclamando á Concelleira facilidades para a apertura do conservatorio como viña facendo ante da apertura do Conservatorio Municipal pola mañá. A resposta foi que ao non dispor de conserxe non podía ser. Os pais pregúntanse por que antes si e

ahora non.

Os pais comprobaron como o Centro é pechado por unha señora da limpeza que ven a mantenta. ACIP poñerá estes feitos en coñecemento da Inspección de Traballo. Parécenos inaudito que isto sexa obra dunha funcionaria profesional com o é a Concelleira.

Desde ACIP esixen que se in-



vestiguen e depuren responsabilidades ante un posible acoso laboral que o propio profesor vai

levar ao xulgado farto de vivir esta situación que está afectando a súa saúde.

DISCOTECA

PARAISO

A CAÑIZA

FIN DE AÑO

2017

DOM 31 DIC
APERTURA 01:00HRS

América

SESIÓN ESPECIAL FIN DE AÑO
COTILLÓN
CATERING DULCE
SORTEOS
SORPRESAS!

ENTRADAS ANTICIPADAS
12€ CON CONSUMICIÓN
15€ CON CONSUMICIÓN + CD AMERICA

PUNTOS DE VENTA
A CAÑIZA: FLORISTERIA ANXO, PINCHO DA AVOA
ARBO: O BARACHAS, O RABELO
PONTEAREAS: CAFETERIA XIROPE, CAFÉ MONET
PORRIÑO: RESTAURANTE CASTRO
RIBADAVIA: VINOTECA RIBADAVIA

A CAÑIZA
WWW.FACEBOOK.COM/DISCOMPARAISO
619314974 INFORMACIÓN Y RESERVAS
WHATSAPP

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

A Oposición tamén goberna

De todos é sabido que o comportamento dos partidos políticos na Oposición nada teñen a ver cando chegan ao Poder. En Ponteareas, logo dun pequeno “interregno” dun goberno de esquerdas, levamos un montón de anos con gobernos chamados da dereita, noutros tempos da extrema dereita. Hoxe temos, ía dicir disfrutamos pero non me atrevo, un goberno tripartito (BNG-PSOE-RT) conformado por partidos chamados de esquerda. Tomaron podesión hai máis de dous anos. Tempo suficiente para que o sometamos a un pequeno exame por parte da Oposición. O goberno xa se examina a si mesmo diariamente nos medios que lle son afíns. Nós prantexamos á Oposición unha serie de preguntas sobre aqueles temas dos que se ven falando nos últimos anos. Cada quen vai responder dende os seus prantexamentos que, obviamente, non serán coincidentes.

Juan Carlos G. Carrera
(Alternativa Ciudadana de Ponteareas ACIP)



1º.-Un Plano Xeral de Urbanismo é o instrumento de desenvolvemento dun Pobo, pero, ¿qué clase de urbanismo queremos? Esa é a pregunta clave. Cando estaban na Oposición, sobre todo o BNG, afirmaban que o goberno de Salvador González estaba deslaxado polas 3000 alegacións que se presentaran na aprobación inicial. O curioso é que este goberno levouno a Pleno en xaneiro de 2016 cuns cambios mínimos, os únicos para arranxar algúns temas de persoas afíns a eles. A Xunta botoulle abaixo existindo rectificacións en todo o Municipio. A máis importante era como se xustificaba o crecemento de vivendas neste concello; como se faría para garantir o abastecemento de augas coa correspondente depuración. Isto dio todo.

O problema radica no mal “que

repartiron cartas” cando chegaron ao Poder..O concelleiro/a de urbanismo debería ter unha dedicación plena a ese departamento. A concelleira actual leva outras máis e abandona urbanismo. O tempo pon a cada quen no seu lugar: levan máis de dous anos e seguimos igual; as correccións son importantes e o documento terá que ser de novo exposto ao público, senón será ilegal; haberá indefensións para os veciños; nós non votaremos nunca un Plano de Urbanismo así. E o Concello leva gastado máis de 800 mil euros.

2º.-Ou alcalde colgase medallas que non lle correspondene. O saneamento do concello hai que agradecerlle ao ministro da Facenda, Sr. Montoro, cos axustes que obrigou a facer. Curiosamente no 1º Plano de Axuste das Contas que o anterior goberno presentou tanto o BNG como o PSOE votaron en contra; nós, por responsabilidade, votamos a favor. Non saíu adiante e logo o goberno tivo que presentar un Plano de Axuste máis duro para o concello. Ven de rematar o tempo en que a Facenda lle retiña ao concello máis de dous millóns de euros por ano, que agora entran nas arcas municipais. Quen é, logo, o autor do saneamento? De non ser así seríamos intervistos como lle pasou ao concello de Madrid.

O curioso é que cando entraron no goberno puideron fixeron súas as medidas tomadas; iso quere dicir que eran as correctas. Por qué, logo, o seu voto en contra cando eran Oposición?. A baixada de impostos que venden non

son reais. O IBI subiulles este ano aos veciños do casco urbán.O imposto de vehículos máis do mesmo. No Plano de Axuste contemplábase volver as mesmas tarifas cando este rematara. O Plano rematou pero os impostos seguen a cobrarse os mesmos. Así garantizan máis ingresos para facer cousas innecesarias.

3º.-A transparencia neste goberno é de boquilla. Ocultan e negan información aos concelleiros da Oposición, cando por lei temos dereito a coñecela. Obrigannos a ir ao xulgado en busca de amparo. Isto dino toda a Oposición (PP-ACIP e EU).

4º.-Utilizan os medios públicos para darse bombo e criticar a Oposición. Por exemplo na páxina WEB do Concello: é utilizada para criticar a Oposición, non para informar da vida do concello. ACIP xa os avisou; estamos estudando presentar unha denuncia por prevaricación. Só lavan a súa imaxe “comprando a medios”con importantes cantidades que nalgúns casos pasan dos 20.000 euros anuais. Teñen gabinete de Prensa privado con cargo aos impostos dos veciños.

5º.-Totalmente, exemplos moi claros non se están cubrindo as prazas vacantes por xubilación; contrátase con empresas privadas e por enriba nin siquera son de Ponteareas. Que un goberno de esquerdas privatice é claro síntome da súa incapacidade para gobernar. Casos como a iluminación pública; parques e xardíns, rozas das cunetas, vías e obras, etc. Pagar 3.000 euros por revisar

unhas ordenanzas municipais; pechar o taller mecánico municipal; asistencia a domicilio,...total, cun custe de máis do dobre para as arcas municipais que se fora feito por personal do concello.

6º.-Ou único responsables e ou Alcalde. Tivo o expediente esquecido case un ano e despois quería adjudicar un contrato para facer a obra en 10 días, cun presuposto dun millón de euros, tendo que levantar as rúas do casco urbán todas ao mesmo tempo. Pretendían desfacer parte do Parque de Bombeiros para as instalacións. Imos ver en que queda todo isto. O Alcalde saltouse o Pleno a torera, adjudicou as obras directamente e agora a empresa esixe se lle paguen danos e perxuizos.

7º.-Un exemplo moi fácil: ten en plantilla 25 prazas, entre axentes e mandos, pero en realizade só dispón de 15, Os 10 restantes son prazas por xubilacións e outras vacantes que ao goberno non lle interesa convocar. Contrata auxiliares que deben ir sempre acompañados por un axente titular; non poden poñer multas nin pedir documentación aos cidadáns e sen embargo estano facendo. Incluso “presentanse disfrazados de policías”; no seu uniforme non di que son “AUXILIARES.”.

8º.-Entidades tanto culturais como deportivas levan denunciado un abandono total por parte do Concello. Sobreviven grazas ao inmenso traballo de veciños e aficionados, senón moitos deles estarían pechados.

9º.-A RTP e outro conto; creo que imos na 3 cun gasto de máis

de 100.000 euros; teño dúbidas de que a aproben, Non lles interesa; así manipulan e xogan co persoal municipal ao seu antollo.

10º.-So fai falta preguntarlle a calquera veciño que presenta un escrito ou solicitude. De entrada non responden e cando van a preguntar responden que non saben onde está o escrito. No caso de licencias para construír hai casos de máis dun ano de espera. Os veciños non saben a quen acudir; só lles queda o xulgado.

11º.-Ou primeiro é facer un proxecto integral do Concello para saber a realidade; logo buscar a financiación para realizar por fases e non como agora polos intereses partidistas do goberno. Así pasa cos vertidos da depuradora; ¿ que fixeron nestes 2 anos e medio na depuradora? Nada; así pasa o que pasa.

12º.-A súa pregunta e clara os medios de comunicación escoitan o mesmo que nos: abandono, falta de mantemento dous servizos básicos; falta de atención do goberno; en moitos casos prepotencia nas contestacións dalgúns membros do goberno, .

13º.-Cando estaban na Oposición Secretario/a e Interventor/a de habilitación estatal: a lei así o esixe para que esta se cumpra en todo momento. A este goberno non parece que lle interese ter quen vixie os seus desatinos. Xa pasaron por aquí secretarios/as e interventores/as pero non acougaron. Parecera que a este goberno lle guste máis nomear a funcionarios para eses cargos porque pode controlalos mellor

- 1/ O Plan xeral de urbanismo é o conto de nunca acabar. En que situación está e por que?
- 2/ Que hai de verdade nas declaracións do Sr. Alcalde sobre o saneamento do Concello e da rebaixa dos impostos?
- 3/ Agora que tanto se fala de transparencia, ¿Cómo é de transparente o goberno local?
- 4/ En que consiste o “mal uso” da WEB municipal?
- 5/ Estando privatizando servizos?
- 6/ A Oposición é acusada de facer perder un millón de euros na rede de calor? Como se declara?
- 7/ Como está a seguridade municipal? Faltan ou temos suficientes efectivos?
- 8/ Estes días entidades culturais e deportivas “denuncian” a falta de atención por parte do goberno local. ¿Qué opina a Oposición?
- 9/ Por que non temos en funcionamento a RTP?
- 10/ Funciona correctamente o concello a nivel interno?
- 11/ Que se precisa para conseguir o saneamento integral do municipio?
- 12/ Que escoita a Oposición nas parroquias?
- 13/ Por qué o concello non dispón de Secretario/a ni de Interventor/ra de habilitación estatal?
- 14/ A Oposición queda autorizada a incluír algunha outra cuestión que non se nos ocorrera preguntar.

PONTEAREAS

Salvador González Solla
(Partido Popular)

1/

O BNG e PSOE cando estaban na oposición mantiñan que non apoiarian o Plan Xeral que se estaba a facer mentres non se incluía o Plan Parcial da Lomba, e unha vez no goberno, aprobouse sen el, nese sentido o PP votou a favor por responsabilidade, a sabendas de que parte do propio goberno local non votou a favor, neste intre, desde hai un tempo, a Xunta está á es-

pera de que se complete coa documentación requirida.

2/

O saneamento do Concello foi posible grazas ao Plan de Saneamento Económico 2014-2016 aprobado polo PP e votado en contra polo BNG e PSOE, agora, aínda que un ano máis tarde, podemos dicir que o Concello está saneado, pero non grazas a este goberno tripartito, que non puxo en marcha ningunha nova medida, senón que seguiu coas que estaban en marcha. O único que levan feito nestes dous anos e medio é gastar sen control. No que atinxe ás rebaixas de impostos, agora, preto de fin de ano, traen unhas mínimas rebaixas que máis ben son medidas de maquillaxe populista que os veciños e veciñas non van notar.

3/

Transparencia, cero, totalmente falso, a oposición en conxunto levámoslle recriminado a este goberno a falta de transparencia e de participación, como exemplo hai aprobada unha Comisión de Seguimento dos con-

tratos externos e o Sr. Alcalde non a convoca, non facilita a documentación a pesares de que existir unha Lei de Transparencia.

4/

Uso caciquil e partidista dun medio de comunicación institucional onde se dedican a falsear, mentir e insultar á oposición, onde non se colgaban os vídeos dos Plenos nin a súa transcripción. Miles de euros gastados sen necesidade e sen ningún control.

5/

Máis ca nunca, estanse a privatizar servizos públicos básicos como: alumeado, desbroces, mantemento de zonas verdes, asesoramentos en comunicación, asesoramentos administrativos e xurídicos

6/

No que atinxe a xestión da subvención destinada á Rede de Calor Municipal o único responsable é o Alcalde. Unha subvención na que tiveron case que un ano para realizar a obra e xustificala (22/12/2016 – 20/11/2017) e pola súa incapacidade perderon, ademais de tramitar un ex-

pediente que contou con dous informes desfavorables da Secretaría Municipal Habilitada Nacional, asumindo competencias do Pleno e ir contra da legalidade.

7/

Claro que temos falta de efectivos, pero o Alcalde e a Concelleira dedicáronse a crear unha praza de Inspector de Policía eliminando dúas prazas de policía.

8/

Isto é o que nos transmiten os distintos colectivos tanto culturais, deportivos, veciñais, sociais... séntense utilizados e enganados.

9/

Anunciaron "a bombo e platillo" que xa estaría en xullo de 2017 pero a realidade é que se dedican a facer cambios na plantilla sen control.

10/

É un total descontrol, teñen unha parte do persoal atemorizado polas políticas erráticas que están a levar no que se refire a cuestións de plantilla e salario.

11/

Unha clara política de com-

promiso de inversión en saneamento das nosas parroquias, investindo unha parte importante do Plan de Concellos nestas obras tan necesarias, en vez do 10% investidos de ditos plans nos anos 2016 e 2017.

12/

Que este goberno municipal ten abandonadas totalmente as parroquias: Pistas e estradas sen desbrozar, falta dun plan integral de bacheo.

13/

Porque temos un goberno local que súa forma de proceder e actuar rozando a ilegalidade fan que estes Habilitados Nacionais pidan o traslado a outros concellos.

14/

En resumo, este é o goberno da contradición, cando estaban no oposición esixían e defendían unha serie de cuestións e agora no goberno, fan todo o contrario, ou incluso nada, como por exemplo querían convocar as prazas "dos enchufados" cando agora estanlles a dar complemento de produtividade.

Lino A. Costas Vila
(Esquerda Unida)

1/

Actualmente o PXOM está pendente de aprobación definitiva e pendente das modificacións esixidas pola Consellería de Urbanismo. Entre estas modificacións están unha importante redución de áreas edificables e a obtención das autorizacións das novas captacións de auga para dar servizo ao aumento da poboación contemplado no Plan. Dende a Consellería manifestaron claramente que o aumento de capaci-

dade residencial contemplada no documento estaba totalmente inxustificada tendo en conta a evolución da poboación do Concello. Esta foi precisamente unha das razóns de EU para posicionarse en contra da aprobación provisional do PXOM.

2/

Descoñezo a que declaracións do Alcalde se refire. O certo é que as actuacións do concello con respecto ao saneamento foron ata agora mínimas. Non pasaron de resolver certos problemas puntuais. É evidente que é necesario tanto a mellora da canalización como un aumento da capacidade de depuración.

Nesta liña, no ano 2015 o Pleno aprobou unha proposta de EU de cara a estudar a posibilidade de implantar depuradoras naturais nos núcleos rurais. Unha técnica innovadora que está a dar bos resultados noutros lugares. Pero de momento non se fixo nada ao respecto.

Con respecto aos impostos é certo que se está a mellorar algo, por exemplo incluíndo bonificacións contempladas na lexislación que ata agora non se aplicaban. Tamén é certo que as

modificacións que se aprobaron este ano do imposto de rodaxe e máis do I.B.I., que son de pago anual, non se poderán aplicar ata o ano 2019, xa que se aprobaron tarde e non saíran publicadas no B.O.P. ata xaneiro.

3/

Hai moito que mellorar. Penso que isto queda claro se lle digo que os concelleiros e concelleiras, para acceder a información que se supón pública, temos que agardar á autorización do alcalde.

4/

Basicamente en que funciona máis como un medio de propaganda dos partidos da xunta de goberno que como unha WEB de información municipal.

5/

Estase a recorrer continuamente a empresas privadas. Nalgúns casos isto pode estar xustificado na falta de persoal. Pero noutros, como aconteceu co peche do taller mecánico, son eles mesmos quen empeoran a situación.

6/

Moi resumido, o caso é que eles perderon o tempo dende a convocatoria da subvención no mes de agosto de 2016 ata xuño de 2017, momento en que che-

gou por primeira vez o tema a pleno. A partires de aí o proceso non se parou por nada que fixeran o resto dos grupos. Logo querían facer unha obra de tres meses en dez días e con un informe técnico en contra.

7/

Parece que hai unha percepción veciñal nesa liña, pero tamén é certo que a policía representa a metade das prazas de funcionarios do concello. Quero dicir, que non é aí onde o concello está peor en canto a número de persoal.

8/

O certo é que cos cambios de criterio da Deputación, algunhas entidades perderon financiación, e que esta non está a ser compensada polo concello.

9/

Eles saberán. A nos non nos dan ningunha información.

10/

Necesita melloras. Nese sentido aprobáronse no Pleno propostas nosas na liña de facer procesos de formación e promoción do persoal e incluso de elaboración dun Regulamento de Organización e Funcionamento interno. Nada se fixo aínda.

11/

Elaborar un plan de saneamento integral e, dende logo, unha forte inversión económica que habería que tentar recibir de outras administracións.

12/

Sobre todo queixas pola falta de desbroce, mal estado das estradas e mala iluminación. Queixas que dende EU trasladamos en moitos casos ao concello.

13/

Porque Ponteareas é un concello onde o traballo dos habilitados nacionais resulta moi difícil tanto pola desorganización que se ven arrastrando como pola falta de persoal administrativo. Iso sumado a que en Ponteareas os salarios son máis baixos que noutros concellos de similar poboación, fai que non sexa un destino atractivo.

14/

Botamos en falta un maior compromiso co aprobado no Pleno. Moitas propostas aprobadas polo Pleno non se levan adiante, como xa comentei. A Xunta de Goberno móstrase máis preocupada por facer campañas de autobombo que por resolver problemas reais.

CONDADO / PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO



A salvaterrense Lucía Rodríguez, coa selección española de Badminton nos Europeos de Kazán

A salvaterrense Lucía Rodríguez, participará coa Selección Española de Bádminton nos Campionatos de Europa sub-15 a disputarse na localidade rusa de Kazán no mes de setembro. Lucía ten, aos seus trece anos, un extraordinario palmarés que a converte nunha xogadora de gran proxección chamada a dar grandes alegrías neste deporte que, na zona do Con-

dado, conta cada día con máis practicantes e con clubs que compiten ao máis alto nivel.

Lucía Rodríguez, que comezou a competir con tan só 8 anos, conseguía no 2015 o Campionato de España Sub 11. Un ano despois, en terras de Eslovenia, adacaba a Medalla de Prata Individual no «Slovenia Youth International U15». Este 2017 a piques de rematar, foi un ano cheo de

éxitos para a xogadora de Salvaterra, gañando o Campionato de España sub 13 en individual e mixtos. Na «Slovak Youth U15 International» obtiña a Medalla de Prata en dobres mixtos e a Medalla de Prata Individual.

Agora, en terras rusas, buscará no mes de febreiro para comezar ben o ano, novos éxitos dentro da Selección Española de Badminton.

Concerto de Nadal do Coro "Mistura Vocal" en Fornelos da Ribeira

O pasado sábado 16 o coro vigués Mistura Vocal ofreceu un concerto de Nadal na igrexa de San Xoán de Fornelos da Riveira.

O Coro "Mistura Vocal" de Vigo, que xa triunfou o pasado mes de outubro no "XVI Concurso Nacional de Corais" en Burgos (recibindo o Primeiro Premio e Premio do Público), levou recentemente 3 premios no "Certame Vila de Avilés" na súa edición XXXIV, sendo a gran triunfadora e gañando: o Primeiro Premio, premio Axuntabense á mellor interpretación musical e o Premio do Público. O coro dirixido pola tudense Aloia Martínez, conseguiu encandear



aos expertos como ao público presente no Certame musical de Avilés.

O Coro "Mistura Vocal" esta formado por virtuosos novos cantores da zona de Pontevedra (desde Vigo, Salvaterra, Tui,...) e dirixido por Aloia Martínez. A

súa elegancia musical, serenidade estética, tenra sensibilidade e dotes artísticos, é difícil atopalas reunidas, polo que auguramos a Mistura Vocal un futuro éxito ao máis alto nivel nacional e internacional, coma se dunha suprema estrela tratátese.

Sesión vermicultura e música en directo

Donicelas

Domingo 31 de decembro as 13:00

taska tenda

Horario: 12:30 a 17:30
Pechamos de noite

r/ Marqués de Viana, 8 Salvaterra de Miño 986 658 636

O remendón CERRAJERO

SERVICIO 24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplinox

Rosalía de castro, 61 Salvaterra de Miño

637 764 865

www.cerrajeroremendon.com

O noso Eido

taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreas, Peixes do Río, Chocos a Franta, Bacalao e Kikos a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968

Tel. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Argentina, 11-Salceda de Caselas

T: 886 115 548

Rúa Galicia, 5-Salvaterra de Miño

T: 986 658 529

WhatsApp: 645 316 524

pinturasfernandomiguez@hotmail.com

CONDADO / PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

PROGRAMACIÓN NADAL

11, 12, 13 E 14 DE DECEMBRO
OBRADOIRO DECORA O NADAL ADULTOS
A PARTIR DE 18 ANOS.
DE 10:00H. A 12:00H.
LUGAR: CASA DA CULTURA DE SALVATERRA

VENRES 15 DE DECEMBRO
FESTIVAL DE NADAL
da A.C. PONTENOVA
ÁS 20:00H.
LUGAR: SALÓN DA CASA DA CULTURA DE SALVATERRA

DOMINGO 17 DE DECEMBRO
CONCERTO DE NADAL
DO CORO "LACEDURIUM" E DA CORAL
"VOCES FORNELENSES DE FORNELOS DE MONTES"
ÁS 19:00H.
LUGAR: SALÓN CASA DA CULTURA DE SALVATERRA

18, 19 E 20 DE DECEMBRO
COCINA EN NADAL OBRADOIRO ADULTOS
DE 10:00H. A 12:00H.
LUGAR: NA COCINA DA CASA DO CONDE

22, 26, 27, 28, 29 DE DECEMBRO E 2, 3 E 4 DE XANEIRO
CAMPAMENTO INFANTIL DE NADAL (PROGRAMA DE CONCILIACIÓN)
DE 9:00 ÁS 13:00H.
IDADES DE 3 A 11
LUGAR: CASA DA CULTURA DE SALVATERRA

23 E 24 DE DECEMBRO
"CHUCHU" GRATUITO
CON SAÍDAS
ÁS 10:00H.- 12:00H.- 16:00H.- E 18:00H.
(EUROCIUDADE SALVATERRA- MONÇAO-)
SAÍDA: ENTRADA PARQUE PÚBLICO A CANUDA

SÁBADO 23 DE DECEMBRO
os bolechas
VEÑEN A SALVATERRA A PRESENTAR O SEU LIBRO: SALVATERRA DE MIÑO VILA MILENARIA.
ÁS 16:30H.
LUGAR: PRAZA DO CONCELLO
(OS LIBROS SERÁN REPARTIDOS ENTRE TOD@S @5 NEN@S QUE ACUDAN Á PRESENTACIÓN)

26, 27 E 28 DE DECEMBRO
COCINA EN NADAL OBRADOIRO XUVENIL
ENTRANTES, 1º PRATO E GALLÉTAS.
DE 10:00H. A 12:00H.
LUGAR: NA COCINA DA CASA DO CONDE

26, 27 E 28 DE DECEMBRO
DECORA O NADAL OBRADOIRO XUVENIL (12 A 17 ANOS)
DE 10:00H. A 12:00H.
LUGAR: CASA DA CULTURA DE SALVATERRA

DO 26 AO 29 DE DECEMBRO
REGRESO AO PASADO OBRADOIRO CREACIÓN DE XOGOS TRADICIONAIS
INSCRICIÓN DO 8 ATA O 14 DE DECEMBRO NO CONCELLO
LUGAR: CASA DA CULTURA

SÁBADO 30 DE DECEMBRO
SAN SILVESTRE SOLIDARIA
INFANTIL (ata 12 anos): Ás 20:00h. darán unha volta á praza do concello
ADULTOS: Ás 20:30h.
De Salvaterra a Monçao 4,5 kms.
Os participantes deberán traer algún alimento non perecedeiro.
INSCRICIÓN NO CONCELLO MÁIS INFORMACIÓN
WWW.CONCELLODESALVATERRA.COM

SÁBADO 23 DE DECEMBRO
CONCERTO DE NADAL
DA BANDA DE MÚSICA DE SALVATERRA DE MIÑO
ÁS 21:00H.
LUGAR: SALÓN CASA DA CULTURA DE SALVATERRA

DOMINGO 24 DE DECEMBRO
VISITA PAPÁ NOEL
Ás 16:00H. chegará en barco polo río Miño ao embarcadiro e fará un percorrido polas rúas da vila.
Ás 17:00H. PAPÁ NOEL estará na praza do Concello, onde recibirá aos máis cativos.

SÁBADO 30 DE DECEMBRO
CONCERTO NADAL
do "CORO CANTEMOS" acompañados por "AGRUPACIÓN CULTURAL BREOGÁN DE SAN PEDRO DE MOREIRAS-TOEN" e a "CORAL EULALIA DE DANAS DE GONDOMAR"
ÁS 18:00H. LUGAR: SALÓN DA CASA DA CULTURA DE SALVATERRA

MARTES 2 DE XANEIRO
CINE INFANTIL: VAIANA
ÁS 17:30H.
LUGAR: SALÓN CASA DA CULTURA DE SALVATERRA

VENRES 5 DE XANEIRO
CABALGATA DE REIS
Na Praza do Concello, as Súas Maxestades chegarán a Salvaterra dende a Ponte Internacional, e recibirán aos máis cativos na Praza do Concello.

NOTA:
Estas actividades son totalmente gratuítas.
PRAZAS LIMITADAS
Para poder participar en calquera delas é preciso inscribirse no concello a partir do día 1 de decembro ata esgotar prazas.
No caso de choiva, as actividades de PAPÁ NOEL e BOLECHAS REALIZARÁNSE no salón da casa da cultura de Salvaterra.

ORGANIZA:  **CONCELLO SALVATERRA DE MIÑO**



CONDADO/PARADANTA

ARBO / MONDARIZ



II BTT Ruta do Viño Rías Baixas

A II BTT Ruta do Viño Rías Baixas reuniu o pasado 26 de novembro no municipio de Arbo a centos de amantes do deporte nunha xornada onde o enoturismo foi o gran protagonista. Preto de

200 ciclistas déronse cita na Praza do Concello de Arbo para realizar un percorrido de 45 quilómetros a través do cal puideron descubrir o patrimonio natural e vitivinícola da subzona de Condado do Tea.

Suda a camiseta e axuda aos máis desfavorecidos na San Silvestre de Ponteareas

Taninos Runners Ponteareas, en colaboración co Concello de Ponteareas, organiza a VI San Silvestre Solidaria que sairá da Praza Maior ás 17:30 horas o vindeiro 31 de decembro. As inscricións estarán abertas ata o 29 de decembro non admitíndose inscricións no propio día da proba.

Un circuito urbano de cinco quilómetros no que cada gota

que se sude será para amosar o lado máis solidario con aqueles que máis o precisan. Todos os que o desexen poden achegarse e aportar alimentos e produtos de hixiene persoal a favor do centro de reparto de alimentos da Concellería de Servizos Sociais do Concello de Ponteareas.

Esta proba non competitiva está aberta a maiores de catorce

anos cun límite de 750 participantes. A San Silvestre Infantil que sairá da Praza Maior ás 16:45 horas tamén terá o prazo de inscrición aberto ata o 29 de decembro e está aberta a maiores de seis anos cun límite de 250 participantes.

Todos e todas as interesados poden inscribirse na páxina web www.taninosponteareas.com

Mondariz entrega os diplomas ás participantes no curso de «Camareiras de Restaurante-Bar»

O alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes Bugarín, entregou o seu diploma acreditativo ás 19 mulleres que participaron no curso de «Camareira de Restaurante-Bar, habilidades sociais e empoderamento para a procura de emprego» e un Diploma de Recoñecemento aos establecementos de hostalería colaboradores desta iniciativa.

A iniciativa tivo unha grande acollida non só no número de participantes, 19, senón tamén

nos resultados do mesmo xa que 5 delas acadaron un posto de traballo nos establecementos de restauración no que estiveron realizando as prácticas desta actividade formativa.

O curso foi impartido pola empresa Talentea e estaba encadrado dentro da programación anual que desenvolve o departamento de Igualdade dos Servizos Sociais de Mondariz, contando para o seu desenvolvemento cunha subvención da Deputación de Pontevedra

no marco das subvencións que a administración provincial concede para o fomento da igualdade de oportunidades.

Xoán Carlos Montes Bugarín, alcalde de Mondariz, salientaba a importancia de desenvolver actividades formativas “que melloren a cualificación profesional das mulleres nos eidos máis diversos” xa que, segundo o rexedor local, “é imposible falar de igualdade e acadar unha equiparación real entre homes e mulleres, cando o desemprego feminino é moito maior que o masculino” do mesmo xeito, apuntou, “que é difícil falar de igualdade cando, desempeñando unha mesma labor profesional, os salarios das mulleres non son iguais aos dos homes”.

Comprar en Arbo ten premio

Un ano máis o Concello de Arbo, coa colaboración da Agrupación de comerciantes, hostaleiros e empresarios de Arbo, promove o pequeno comercio a través da Campaña de Nadal “Comprar en Arbo ten premio”.

Durante o mes de decembro, os comerciantes, hostaleiros e empresarios de Arbo, obsequiarán aos seus compradores cun boleto para o sorteo de diversos vales para descontar nos comercios, bares, restaurantes e empresas de Arbo, que participan nesta Campaña. Os premios consisten en 1 primeiro premio de 350 €.-, segundo de 250 €.-, terceiro de 150€.- e 25 premios de 75 €.- . o sor-

teio terá lugar o 14 de xaneiro de 2018 ás 18.00h no salón de plenos do Concello de Arbo.

O alcalde do Concello de Arbo, recorda que esta é unha campaña que se leva organizando dende hai máis de 20 anos e destaca a importancia do pequeno comercio na vila. Manifesta a labor que os pequenos comerciantes fan para manter os seus comercios no día a día, e que dende o Concello debe potenciarse o máximo e colaborar con eles e anima todos os veciños e veciñas a que compren no pequeno comercio de Arbo, porque eles son unha parte fundamental na economía e o desenrolo do municipio.


Rematadas as obras en Merelle, Rozas e Teimende

Continuando coa serie de melloras e servizos en infraestruturas que o Concello de Arbo esta realizando a favor dos mesmos para a dinamización do Medio Rural, a Consellería de medio Rural adxudicaba as obras de Mellora de Pavimentación en Camiño Merelle - Fontan parroquia de Cabeiras do Termo municipal de Arbo, financiadas o 100% por esta Consellería.

As obras incluídas consisten na mellora de camiños en distintas parroquias de Arbo,

entre as que estaba o Camiño Merelle e Fontan en Cabeiras, Camiño de Pardieira en Rozas en Sela e Camiño de Searas (Teimende) en Arbo

Según manifesta o Alcalde, Horacio Gil, con estas actuacións, o concello de Arbo, pretende seguir na mesma liña que leva adoptando dende a súa chegada o goberno, de mellorar os servizos en infraestruturas e camiños municipais, para facilitar os veciños e veciñas de Arbo unha maior comodidade no uso dos mesmos



Prova solidária S. Silvestre une Monção e Salvaterra de Miño

A Eurocidade Monção – Salvaterra do Miño promove no próximo dia 30 de dezembro, sábado, a 5ª edição da Prova Solidária S. Silvestre com um percurso aproximado de cinco quilómetros pelas ruas e praças das duas localidades fronteiriças ligadas por uma ponte internacional sobre o rio Minho há mais de duas décadas.

A partida tem lugar na Praça do Concello, em Salvaterra do Miño, e a chegada na Praça Deu-la-Deu, em Monção. Quem quiser participar nesta prova solidária apenas terá de entregar um alimento não perecível que, numa fase posterior, será distribuído pelas famílias com dificuldades económicas de ambos os municípios.

À semelhança do ano passado, realiza-se uma Mini S. Silvestre para crianças até aos 12 anos que consiste em duas voltas à Praça do Concello, em Salvaterra do Miño. A prova tem como objetivo inculcar nos mais jovens o gosto por esta inicia-

tiva desportiva e solidária. O lema é fazer exercício físico, ajudando o próximo.

Com início às 19h30 (hora portuguesa) e 20h30 (hora espanhola), esta iniciativa transfronteiriça pretende sinalizar um momento de carinho e solidariedade para quem mais necessita, assumindo-se, em paralelo, como mais um reforço no bom relacionamento existente entre as duas localidades.

A organização “convoca” a população das duas margens a participarem nesta prova solidária, convidando as pessoas de todas as idades a praticarem desporto enquanto fazem o bem em benefício das famílias mais desfavorecidas de ambos os lados da fronteira.

Inscrições online



<https://goo.gl/XLmFRh> ou, no secretariado, 30 minutos antes do início da prova. Durante o percurso, os participantes terão apoio dos bombeiros locais, encontrando-se o trânsito condicionado à ação de segurança da Guarda Nacional Republicana e Guarda Civil.

Orçamento Participativo: 5 propostas vão a votos entre 13 de dezembro e 13 de janeiro

Com um orçamento de 90 mil euros, a Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira lançou a 3ª edição do Orçamento Participativo, desafiando a população a apresentar ideias de projeto para quatro áreas de intervenção: Área Social; Espaços Verdes; Equipamentos Culturais e Lúdicos; Turismo, Comércio e Promoção Económica.

Concluído o período de submissão de propostas, contabilizam-se oito ideias de projeto diferenciadas, a saber:

“Associações em Movimento”: Aquisição de uma viatura ligeira de passageiros (9L) que, através de celebração de protocolo, será colocada à disposição de outras entidades das freguesias em causa;

Circuito Autocross Vila Nova de Cerveira: Criação de instalação desportiva devidamente legalizada conforme entidade reguladora (FPAK) para circuito de Autocross;

Construção de um parque lúdico para beneficiação e con-

tacto entre a população e a Associação Patas e Patas.

“Grande Rota do Cervo”: Construção de nove pequenas rotas circulares que, interligadas, fazem uma grande rota pelas freguesias interiores e montanhosas do concelho.

“Parque Infantil para Todos”: Disponibilizar às crianças que frequentam o Parque de Lazer do Castelhinho um espaço divertido e adequado a diferentes idades.

Apresentadas as propostas, o período de votação decorre entre 13 de dezembro e 13 de janeiro, através da plataforma eletrónica em op.cm-vncerveira.pt. Paravotar é necessário efetuar registo com o preenchimento dos campos obrigatórios.

O processo é aberto à participação de pessoas com idade igual ou superior a 15 anos, naturais, residentes, trabalhadores ou estudantes no Concelho. Este ano, e com alteração do regulamento, cada participante tem direito a apenas um voto.

www.novasdoeixoatlantico.com



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

A campaña da represión

O 27-0 o Parlament aprobou a declaración da República catalá, mais axiña viuse que a declaración era só simbólico-política. Ninguén fixo nada por implementar na orde práctica esta declaración política. Nese mesmo serán, o Goberno do Estado disolvía a Cámara catalá, convocando eleccións para o 21-D, e cesaba ao Govern.

Eran medidas que sobardaban absolutamente o marco do artigo 155 da Constitución, que permitía intensas medidas de intervención do autogoberno, mais nunca a anulación do autogoberno. Porén, as Institucións catalás asumiron

o seu cesamento sen reaccionar con medidas de desobediencia pacífica.

Así e todo, o falecido fiscal xeral instaba querela contra dos membros do cesado Govern perante a Audiencia Nacional (AN) por uns inexistentes delitos de rebelión e sedición (non houbo violencia ningunha en ningún intre e este elemento é esencial a estes dous delitos) e a maxistrada Lamela enviou ao vicepresidente Junqueras e aos conselleiros todos ao cárcere, como fixera días antes cos Jordis. Ao tempo, ditaba unha orde europea de detención contra Puigdemont e os membros do Govern que ficaran canda él na Bélxica.

Co tempo, o Tribunal Supremo, que instruía a querela contra da Mesa do Parlament xuntou as dúas investigacións da AN que tiñan por investigados aos membros do Govern e aos Jordis. E retivo no cárcere aos propios Jordis, ao vicepresidente Junqueras e ao conselleiro Interior, J. Forn, por considerar que estes podían reincidir en condutas delitivas violentas. Onde viu o maxistrado Llanera esa violencia nas semanas pasadas?

Mais o verdadeiramente rechamante foi a retirada, polo mesmo maxistrado instrutor do TS, da eurorde de detención a respecto de Puigdemont e dos outros conselleiros transeúntes. Semella que as supostas gravísimas condutas que manteñen Junqueras, Forn e aos Jordis no

cárcere non han ser perseguidas, malia todo, fóra do Estado español. Había medo no TS de que os xuices belgas rexeitasen as euroordes?

Catalunya enfrota unhas eleccións ilexítimas na súa orixe e desenvolvidas até arestora sen as mínimas garantías democráticas, cos principais candidatos de ERC e Junts por Catalunya no cárcere ou no exilio. Hai presos políticos e para a idea, non cinguida ao ámbito catalán, de que os donos do chiringuito, os que moven o tripartito dinástico, racharán as regras de xogo sempre que lles conveña.



A reacción do nacionalismo español

Non vou ser quen negue que a vía unilateral do soberanismo catalán, encetada despois de sete anos de inmovilismo dende Madrid, non fose arriscada. Nin que sería conveniente unha maioría cidadá máis ampla ca un 48,7% de votos antes de adoptar certa caste de decisións.

Mais non se pode ser equidistante. O Govern e os partidos e organizacións cívicas soberanistas limitáronse declarar o 27-0 a independencia de xeito simbólico, renunciando á desobediencia pacífica fronte o golpe inconstitucional do 155.

Nin houbo violencias nin rebelións nin sedicións. As sucesivas demostracións cidadás foron sempre pacíficas.

Máis do 70% da cidadanía catalá quería votar para decidir o seu futuro, mais o Goberno do Estado pechou, canda C's e PSOE, todas as vías de diálogo. Certo que non se daban as condicións para un referéndum decisorio, mais o mundo soberanista tentou ese pacto até o mesmo 1-0. Ese día o Ministerio do Interior reprimiu violentamente a milleiros de pacíficos cidadáns, que querían votar, diante do mundo todo.

No 3-0 o Xefe do Estado marcou o sinal do rearme españolista: nin desculpas, nin diálogo nin negociación. Dende esa data o rearme e agresividade do nacionalismo español é evidente. Vivimos tempos de "a por ellos" e non só na Catalunya ou Madrid, malia que no noso País percébamolo, por sorte, moito menos.

Dous terzos do Govern foron aprehendidos, canda os Jordis e o resto tivo que se exiliar. Faláronos, claro, da independencia dos Tribunais, mais a propia vicepresidenta Sainz de Santamaría, amáis de defender a liquidación do soberanismo, ven de recoñecer esta falla de independencia no Supremo e na AN: cómpre agradecerlle a Rajoy o 155,

porque así conseguíuse descabezar aos soberanistas. Verdadeiramente ten razón, os principais candidatos de Junts per Catalunya e de ERC remanecen no cárcere ou no exilio e non poden partillar debates, encontros nin entrevistas face to face. A desigualdade de oportunidades é evidente, mentres Pep Borrell (PSC) corrixe Miquel Iceta e dí que cómpre desinfectar Catalunya.

Dende o discurso de El-Rei o nacionalismo español rearmouse sen complexos, escollendo un camiño de represión e agresividade propio dos valores da extrema dereita. Mais estas exhibicións fachendosas poderían ser sinal de febleza antes ca de forza.

Por: Baldomero Iglesias Dobarrío, Mero

Pois leña ao lume!

Pois si, anque non o pareza, a aqueles que sufriron os incendios que hai pouco asolaban o país enteiro, e diante de moitas deixadezas e faltas de organización dos responsables, retrasos de asistencia, falta de persoal especializado que se viu imposibilitado polas baixas que decretaron os organismos aos que compete –que non competentes– e tamén desde o mesmo abandono que sofre o rural galego, pois vén outra forma de goberno, agora, e cóbralles o servizo. Aos que quedaron sen nada, pásalles conta de máis de 800 euros para que aboem custos da extinción do lume que lles levou a casa e as terras. Como diría un velliño, amigo meu: é para botar pecados! A lectura ten múltiples opinións que se poden axuntar. A primeira é o desleixo e desatención que nos oculta fóra e dentro do mapa, nin miran nin mi-

raron polos afectados aínda que perdesen a vivenda e os seus modos de vida. Para eles, isto do rural, é un encordio e como moito un trámite de papeis que pasan despachos, sen carimbo que poña sequera certo rigor e imaxe ao desamparo sufrido. Acórdame tamén, non ignorar a benevolencia que teñen para cos ricos, os banqueiros, empresarios da sospeita e os múltiples chupópteros que –a cambio– os animan a seguir na bancada principal dos nosos foros de representación, en leal correspondencia. No outro lado, non atenden aos humildes, e mesmo chegan a ser crueis e inflexibles á hora de cobrarlles. Abondando en razóns, lembramos a urxencia en privatizar servizos contra incendios, deixados en mans privadas, de empresas da xente da bancada para así, mediante unha taxa, sexan os veciños os que paguen por el. Esta mún-

sica é machacona e repítese insistentemente. Ao contrario que a divulgación desta nova que aquí hoxe se espalla. Tamén habería que lembrar aquel número de persoas que foron despedidas momentos antes de producírense os máis feroces incendios, debeu ser unha intuición ineludible, tamén dos xestionadores desta torpeza. Pois si, serán facturas de máis de oitocentos euros, para que lles imprima carácter na desgraza que xa teñen. Así, gravado a lume e ferro. Estas atentasísimas cartas estanas a recibir veciños de Carballeda de Avia, onde arderon miles de hectáreas e quedaron catro persoas falecidas. Os recibos, seica, corresponden a ordenanza fiscal reguladora do servizo de extinción de incendios de Consorcio Provincial. Que ben sona isto, semella ter música. A realidade faise cruel, a data límite de pago é agora o 20 de decembro. Pode parecer macabro, pero éo. Son bromas da Deputación correspondente. Ai, e fano con inri por se ousaban comer algo quente con figos e pasas. Nin se lles ocorra! Mesmo, os que din que go-

bernan, obviaron ter en conta as disposicións de boletín oficial da provincia que falan das eximentes de cobro cando haxa catástrofe ou calamidade evidente. Está claro para nós que si a houbo, non para eles.

Varias formacións políticas da zona argumentan aínda, por riba, que nin a Xunta nin o Goberno de Madrid, presentaron solicitude algunha aos correspondentes europeos para que axuden desde o Fondo de Solidariedade da Unión Europea (FSUE) para activar axudas ás zonas asoladas de Galiza e Asturias. Seica deberán superar os 800 millóns de euros, como así é. Solicitude que, segundo a Comisaría Europea de Política rexional, Corina Cretu, deberán ter comunicado e ser superados, para acollerse ao fondo. Pois nin iso se fixo. Aínda así haberá quen volva votalos. Pois leña ao lume!



O PORRIÑO

O Concello ten xa un proxecto para ampliar a rede municipal de abastecemento ás vivendas do Contrasto que non estaban 'enganchadas'

O Concello do Porriño conta xa, nun tempo "récord", cun proxecto, elaborado polo Consorcio de Augas do Louro, que recolle a conexión á Rede de Abastecemento Municipal, das casas do Contrasto, na parroquia de Torneiros, afectadas pola contaminación por lindano.

Tal e coma se comprometerá cos veciños deste lugar, a alcaldesa acurtou, "ao máximo", os prazos para poder ter un proxecto que xa é coñecido por todos os grupos da Corporación que permita que todas as vivendas reciban auga da popularmente coñecida coma 'traída' e non dependan da dos pozos para o seu consumo.

A ampliación da rede de saneamento ata "todas e cada unha das casas do Contrasto que aínda non están 'enganchadas' ao mesmo, requirirá un investimento, aproximado, duns 350.000€", coma explicou Eva García de la Torre aos voceiros dos grupos municipais nunha xuntanza mantido o pasado día 1.

Esta cantidade, indica a alcaldesa, será asumida na súa totalidade polo Concello do Porriño, algo no que estiveron



dacordo todos os representantes da Corporación que amosaron a súa conformidade en que se convoque un Pleno extraordinario no que se aprobe a habilitación urxente dunha partida orzamentaria destinada a este fin. A intención do Goberno municipal es que as obras poidan empezar en 3 meses.

García de la Torre insiste en que, coma sinalou ás veciñas e veciños nas xuntanzas que mantivo con eles, esta solución é para facer fronte, "o antes que nos sexa posible", ao problema do subministro, "con todas as garantías" ás vivendas do Contrasto, pero en modo algún pretende resolver a acumulación de

lindano baixo o chan do Porriño.

Esta última é unha labor que debe acometer a Xunta de Galicia cun "plan cuantificado e orzamentado para, en primeiro lugar, identificar e sinalizar as zonas afectadas en todo o Porriño polo depósito de lindano e, de seguido, dar unha resposta efectiva que acabe coa contaminación e os riscos para a saúde".

Neste senso, García de la Torre vén de mandar un "oficio" ás consellerías de Medio Ambiente e Sanidade da Xunta de Galicia pedindo que se cumpran as demandas das veciñas e veciños do Contrasto que pediron que, ademais das análises na terra e na auga, se realicen pro-

bas médicas de sangue e graxa, entre outras, ás persoas residentes neste lugar para coñecer o seu estado e detectar si o seu organismo está afectado polo lindano.

Así mesmo, a Xunta de Voceiros do Concello, aprobou a proposta de crear unha 'Comisión de Seguimento do Lindano', na que ademais da alcaldesa e os representantes dos grupos da Corporación, se sente, tamén, unha persoa nomeada pola Plataforma de Afectados polo Lindano, que está a piques de constituírse.

Nesta Comisión tamén se invitará a participar á Xunta de Galicia por medio de técnicos

das consellerías de Medio Ambiente e Sanidade.

Abastecemento ás casas e nova capa de asfalto

Como adiantara aos veciños na xuntanza que tiveron no Salón de Plenos do Concello o pasado día 17 de novembro, todas as vivendas do Contrasto que so puidesen abastecerse de auga nos seus pozos e carecen de 'enganche' coa rede municipal, teñen xa uns depósitos de emerxencia de 1.000 litros cada un, cun motor, que permite que dispoñan de auga para o lavado de roupa e louza e o aseo persoal. Ademais, faise chegar a cada vivenda auga en bidóns para poder cociñar e para beber, nos dos casos, sen custo algún.

Amais, o Concello vén de contratar unha empresa autorizada para o tratamento da terra, seguindo as normas específicas do Servizo de Xestión de Resíduos, para que retire a terra nas beiravías e no propio camiño no que se realizaron as obras de saneamento que levaron ao descubrimento da acumulación de lindano, antes de realizar, nuns días, un novo asfaltado, polo miúdo, desta pista, tal e como demandaran veciñas e veciños da zona.

Bará acada o compromiso do PP para resolver os residuos de lindano no concello do Porriño

O deputado por Pontevedra, Luís Bará acadou o compromiso do grupo parlamentar do Partido popular na comisión de Medio Ambiente do 12 de decembro, para iniciar as medidas necesarias contra os riscos á saúde dos solos contaminados por lindano no concello do Porriño.

O nacionalista lembrou que o estudo realizado no ano 1999 confirmou a localización de solos contaminados por lindano no Polígono das Gándaras e Torneiros así como a presenza deste produto no lugar de Contrasto despois de realizar as obras de saneamento.

O texto da proposición non de lei do BNG, transaccionado co PP e Psde contou coa unanimidade da comisión para instar ao Goberno galego a rematar, no tempo máis breve prazo posible, o estudo exhaustivo que se está realizando sobre os solos contaminados con lindano no concello do Porriño, a que tras os resultados do estudo e localizadas as zonas contaminadas, realizar en colaboración co concello un proxecto de descontaminación das zonas afectadas que deberá comezar a executarse ao longo do ano 2018, a continuar adoptando en colaboración co concello de Porriño as

medidas preventivas necesarias para evitar riscos para a saúde das persoas e a colaborar coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil co concello para garantir o abastecemento de auga á poboación afectada.

Na súa intervención, o deputado do BNG lembrou que o lindano comezou a ser coñecido a finais dos anos 40 e mediados dos 60. A empresa Zeltia, explicou Bará, sintetizou Lindano, un hexaclorociloexano utilizado para a fabricación de insecticidas. Os residuos cristalizados xerados neste proceso de fabricación foron empregados como material para a construción de



camiños e estradas, así como en recheos en diversas obras a pesar da alta toxicidade do produto cuxos efectos incrementáronse co paso do tempo provocando un grave risco para a saúde e o medio ambiente.

O parlamentario nacionalista recibiu con satisfacción o

acordo acadado hoxe no Parlamento galego e anunciou que o BNG vixiará o cumprimento deste acordo que fai imprescindible a actuación da Xunta de Galiza para procurar unha solución definitiva á contaminación de solos e pozos de auga no concello do Porriño.

LOURIÑA

O PORRIÑO

Programa Nadal 2017 do Concello de O Porriño



Exposición Proxecto Táctil

Venres 01 de decembro • De 08:30 a 20:30 h. • Centro Cultural Municipal

Acendido do Alumeado de Nadal

Ameniza: Grupo Musical Os Claretos

Venres 08 de decembro • 20:00 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

Festival de Panxoliñas

Venres 15 e sábado 16 de decembro • 20:15 h.

Igrexa Sta. María do Porriño • Consulta o programa en www.ecultura.net

Teatro. Obra: "Antía, Wamba e o regato pequeno"

Cia. Tropa de trapo.

Sábado 16 de decembro • 17:00 h. • Centro Cultural Municipal

Festival de Nadal

Xoves 21 de decembro • 19:00 h. • Círculo Recreativo e Cultural

Obradoiros de Nadal

Sábado 23 / venres 29 / sábado 30 de decembro
De 11:00 a 14:00 h. e de 17:00 a 20:00 h.

Galerías do Pavillón Municipal de Deportes II

Gala Benéfica de Nadal Academia Bastón

Sábado 23 de decembro • 17:30 h. • Centro Cultural Municipal

Festa Pre Fin de Ano 2017

Amenizan: Rondalla de Pontellas e Orquestra Club Naval

Sábado 30 de decembro • Ás 23:00 h.

Praza Arquitecto Antonio Palacios + Carpa do Roxy

Encontro de Rondallas

Luns 01 de xaneiro • 18:00 h. • Pavillón Municipal dos Deportes

Obradoiros de Reis

Xoves 4 de xaneiro • De 17:00 a 19:00 h.

Venres 5 de xaneiro • De 11:00 a 13:30 h.

Cabalgata Real das Súas Maxestades os Reis Magos

Venres 05 de xaneiro • 18:00 h. • Rúas da vila

Ameniza: Rondalla de Pontellas

Espectáculo nocturno Pomper

Sábado 06 de xaneiro • 19:30 h. • Praza Arquitecto Antonio Palacios

Visita dos Trasnos do Nadal ao Porriño

Consulta o programa de visitas en www.ecultura.net

Calendario de actuacións da Rondalla de Pontellas

- | Chenlo • Venres 08 de decembro • 16:00 h.
- | Mosende • Venres 08 de decembro • Ás 18:00 h.
- | Porriño (Pasarrúas) • Sábado 09 de decembro • Ás 18:00 h.
- | Círculo Recreativo e Cultural • Sábado 09 de decembro • Ás 18:00 h.
- | Asoc. Cultural As Mimosas de Carracido
• Domingo 10 de decembro • Ás 16:00 h.
- | Budiño • Domingo 10 de decembro • Ás 18:30 h.
- | Torneiros San Rosendo • Sábado 16 de decembro • Ás 16:30 h.
- | Torneiros San Salvador • Sábado 16 de decembro • Ás 17:30 h.
- | Atios • Sábado 16 de decembro • Ás 18:00 h.
- | Cans • Sábado 23 de decembro • Ás 21:00 h.
- | Torneiros Alba • Sábado 23 de decembro • Ás 17:00 h.
- | Porriño (Festa Pre Fin de Ano 2017)
• Sábado 30 de decembro • Ás 22:00 h.
- | Pontellas • Domingo 31 de Decembro • Ás 11:00 h.
- | Encontro de Rondallas • Luns 1 de Xaneiro • Ás 18:00 h.
- | Cabalgata Real das Súas Maxestades os Reis Magos
• Venres 5 de Xaneiro • Ás 18:00 h.

Actividades na Biblioteca Municipal

Club de lectura infantil

Venres 01 e 15 de decembro • De 18:00 h. a 19:30 h.

Require inscrición previa

Club de lectura de adultos

Luns 11 de decembro • De 18:30 h. a 20:00 h.

Require inscrición previa

Grupos de conversa en alemán

Mércores 13, 20 e 27 de decembro • De 18:30 h. a 19:30 h.

Nimbo o "Argonauta"

Xoves 14 e 28 de decembro • De 18:30 h. a 19:30 h.



biblioteca
municipal
do porriño

A túa
biblioteca

Paz Antón publica “O Porriño. Historia e Patrimonio cultural”

O Porriño. Historia e Patrimonio cultural”, escrito por Xosé Ramón Paz Antón e ilustrado polo fotógrafo Xulio Gil ven a “encher un vacío sobre a historia porriñesa que se contempla neste libro dende os tempos prehistóricos ata a actualidade”.

Paz Antón resume en algo máis de dúascentas páxinas o pasado deste territorio e as súas xentes ao tempo que se describe unha parte relevante do seu patrimonio cultural e paisaxístico, un relato que vén de salientar o excelente labor de Xulio Gil, quen capta coa súa cámara aspectos insólitos ou pouco coñecidos e engade unha lectura visual que fai moi atractiva a obra que se presenta.

Partindo dos xacementos arqueolóxicos, da romanización e da alta idade media, a información vai facéndose densa coas incursións viquingas e árabes, a creación dos mosteiros de Budiño e Cans, os señoríos e loitas medievais, o nacemento do concello da Louriña, a dependencia de Baiona e Salvaterra, a queima das fábricas de pan na guerra con Portugal, a forte reedificación de templos no Barroco e a invasión dos franceses.

A partir de aquí resúmense



os fitos máis relevantes dos séculos XIX e XX, o concello constitucional, a vida social e cultural, a emigración, os movementos agrario e obreiro, a guerra civil, o franquismo e a industrialización. Entre outras achegas destacadas cabe citar a reprodución do primeiro mapa do concello que se conserva no Archivo General de Simancas e que foi realizado en 1655.

Como subliña a alcaldesa, Eva García de la Torre, “O Porriño. Historia e Patrimonio cultural”, que foi editado grazas a colaboración do Concello, “é

unha excelente mostra dos nosos recursos naturais, o noso patrimonio arqueolóxico, arquitectónico e cultural e amosa quen somos, e ensina o porqué temos que estar orgullosos do noso pasado e, en base ao mesmo seguir avanzando cara ao futuro”.

García de la Torre reitera que este “magnífico traballo” que O Porriño non tiña e que necesitaba e que servirá de clave para poner a mirada no futuro e na necesidade de poner en valor os nosos costumes e a nosa esencia.

En marcha o ‘Plan Integrado de Emprego para Mulleres’ (PIEM)

Un total de 85 mulleres desempregadas, veciñas do Porriño, terán a oportunidade de formar e optar a un posto de traballo grazas ao ‘Plan Integrado de Emprego para Mulleres’ (PIEM), posto en marcha polo Concello do Porriño e o Goberno de Galicia.

O Plan conta cun orzamento total de 255.000€, dos cales a Consellería de Economía, Emprego e Industria achega 204.000€ e a Concellería de Emprego do Porriño, 51.000 para facilitar que as mulleres que participen neste plan realicen formación e prácticas en distintas empresas, 7 das cales xa amosaron o seu interese en participar nesta iniciativa.

A concelleira de Emprego, Soledad Girón subliña que o obxectivo do ‘Plan Integrado de Emprego para Mulleres’ é, “coma todas as medidas e proxectos que estamos desenrolando dende

o Goberno municipal, a de reducir a taxa de desemprego no Porriño e en especial o que padecen as mulleres”.

Para conquerilo, se realizarán accións de orientación laboral, formativas, con prácticas en empresas, “que permitirán mellorar as competencias profesionais das participantes neste plan e chegar á súa inserción no mercado de traballo”.

Para que esta finalidade sexa máis doada de acadar, as beneficiarias do Programa gozarán de “medidas que permitan conciliar o seu aprendizaxe coa súa vida familiar, coma acceso ao servizo de gardería”, indica a concelleira de Emprego.

Para participar no ‘Plan Integrado de Emprego para Mulleres’ as interesadas deberán acudir á Oficina de Emprego e solicitar na súa demanda o servizo de “Programas experimentais” (930).



LOURIÑA

MOS

A canteira futbolística mosense eufórica ante a inminente chegada do Celta

Euforia, emoción e ilusión son os sentimentos que embargan ao fútbol mosense durante estes días nos que a gran noticia é a nova Cidade Deportiva do Celta en Mos.

Representantes das directivas e xogadores dos dous principais clubs de fútbol mosenses, a Unión Deportiva Mos e o Club Louro Tameiga, reuníronse no terreo de xogo deste último, o Campo de Fútbol de Cototorrón, para festexar a boa nova da futura Cidade Deportiva celeste e preparar a súa intervención no acto que se celebrará o vindeiro sábado 16 de decembro ás 12.00 horas no auditorio do Multiusos das Pozas con representación municipal (alcaldesa e Corporación) e do Celta (presidente – Carlos Mouriño- e xogadores –os mosenses Rubén Blanco e Brais Méndez, xunto con Iago Aspas e Hugo Mallo-). O acto consistirá

nun evento conmemorativo e de celebración do presente e o futuro do Celta e a súa vinculación con Mos e exporase o proxecto a acometer no municipio mosense.

A U.D. Mos e o Club Louro participarán activamente no devandito acto coa presenza dunha nutrida representación dos xogadores/as das súas categorías inferiores ataviados/as coas súas respectivas equipaxes deportivas. Ademais un neno representante de cada club fará unha intervención na que explicará o que significa para el a instalación da Cidade Deportiva do Celta no seu Concello.

Ambos clubs están moi vinculados ao Real Club Celta, xa que cada ano alternanse nos seus respectivos campos de fútbol a celebración dos Campús Infantís de Verán do Celta e o Club Louro Tameiga conta cun

convenio de colaboración coa Fundación Celta de Vigo para unha escola de asesoramento creada por primeira vez hai dúas tempadas, que foi a primeira da súa categoría e, tras moito traballo entre ambas as entidades, converteuse nun referente na formación de xogadores e adestradores con máis de 150 participantes.

Este convenio supuxo a asistencia e participación de técnicos do club en adestramentos da canteira celeste, amistosos entre equipos das categorías inferiores de ambos os clubs, participación en torneos, visitas ao estadio de Balaídos e asistencia de xogadores do Club Louro a xornadas de adestramento na Madoxa xunto aos preparadores da canteira celeste.

Os presidentes da U.D. Mos, Pablo Serodio, e do Club Louro Tameiga, Patricio Farrapeira,



agradecían esta tarde á alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, “o apoio incondicional dela persoalmente e do Concello de Mos en xeral ao fútbol base e as axudas municipais anuais recibidas dende os clubs, así como a inmejorable labor realizada para

traer a Cidade Deportiva do Celta para Mos, que marcará un antes e un despois no deporte e na economía do municipio”, ademais destacaron “o especial compromiso da alcaldesa co fútbol mosense en particular e co deporte en xeral”.

A falla de cesións veciñais retrasa o plan de obra de ampliación do Paseo do Louro

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, o concelleiro de Patrimonio e Servizos, Camilo Augusto, o edil mosense da parroquia de Louredo, Balomero Lorenzo, a Secretaría Municipal e o técnico redactor do proxecto de ampliación do Paseo do Río Louro, reuníronse no local social A Cividade con veciños/as da parroquia de Louredo afectados pola devandita ampliación. A falla de acordo por parte desta veciñanza para ceder voluntariamente os metros dos terreos polos que transcorrerá o novo tramo do sendeiro, obriga á administración local á recurrir ao procedemento expropiatorio, proceso que se iniciará co acordo plenario na primeira sesión ordinaria de 2018.

Levarase a aprobación inicial ao Pleno da Corporación Municipal do mes de xaneiro o proxecto de expropiación no que se incluírán as parcelas afectadas, os metros afectados de cada parcela, os titulares das mesmas e a valoración económica dos metros cadrados a expropiar. Dito acordo plenario estará en



exposición pública durante 20 días e lle será notificado individualmente aos propietarios. A continuación procederase á aprobación definitiva e por último sinatura por parte dos propietarios da acta de ocupación, tras a que se fará efectivo o acto de ocupación das parcelas por parte do Concello, previo pago do importe correspondente aos titulares expropiados. Nese momento os terreos expropiados pasan a ser titularidade do Concello e xa se poderían comezar as obras de ampliación do Paseo do Louro.

As obras, pola súa banda, levan un procedemento de lici-

tación do que se encarga directamente a Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Organismo que, en base aos seus propios criterios técnicos, ambientais e xurídicos, aprobou o proxecto de ampliación do sendeiro presentado polo Concello e redactado en base aos devanditos criterios da Confederación.

Os obxectivos da actuación son dar continuidade á senda fluvial actual de 3 km, entre o Camiño da Gata e o Camiño de Noveleda. O novo tramo de senda fluvial facilita a accesibilidade peonil dende o Camiño de Noveleda ata o Camiño La-goal nunha lonxitude dun 1 km.

Rondallas, humor, música, deporte... no Nadal de Mos

O 23 de decembro terá lugar o Certame de Rondallas, no Pazo de Mos ás 17.00 horas, no que participarán a Asociación Club Rondalla Santiaguíño de Guizán, a Rondalla da Asociación Cultural e Social de Herville, a Rondalla do Círculo Recreativo e Deportivo Santa Eulalia de Mos e a Rondalla do Círculo Recreativo e Cultural de Torroso. Ademais durante os días 23 e 24 de decembro o contorno do Pazo de Mos acollerá un Mercadiño de Nadal no que exporán e venderán as súas pezas un total de 27 artesáns.

O 25 de decembro a partir das 11.00 horas da mañá haberá un Belén Vivinte no Pazo.

Do 26 de decembro ao 5 de xaneiro o Multiusos das Pozas acollerá en horario de 10.00 horas a 12.00 horas a iniciativa Risos en Familia. O 29 de decembro celebrarase no auditorio do Multiusos a entrega de premios do Concurso Infantil de Postais de Nadal cun acto de animación infantil que dará comezo ás 18.00 horas da tarde. Tamén o venres 29 de decembro ás 21.00 horas no Centro Dotacional de Torroso estará o co-

ñecido actor galego Manuel Manquía dentro do Ciclo de Monólogos IMOS Rir (a entrada anticipada a 10 euros).

A gran novidade deste Nadal en Mos é a Festa Pre Fin de Ano, que se celebrará o 30 de decembro no contorno do Pazo de Mos que contará con Dj e animación a partir das 22.00 horas e badaladas con uvas e cotillón ás 24.00 horas. O fin de festa correrá a cargo da Orquestra Olympus.

Para a mocidade de 10 a 17 anos o Concello organiza a actividade deportiva SurfeaMos no Nadal, que se celebrará do 2 ó 5 de xaneiro.

A Festa do Paxe Real será o 4 de xaneiro a partir das 17.00 h. no Multiusos das Pozas. Ademais realizarase un percorrido no Tren do Nadal e ás 18.30 horas Uxía Lambona e a Banda Molona darán un concerto.

A tradicional Cabalgata de Reis de Mos dará comezo ás 18.00 horas do 5 de xaneiro e transcorrerá pola Avenida de Sanguñeda.

Do 22 ao 5 de xaneiro desenvolveranse os Obradoiros Infantís de Nadal na Ludoteca de San Rafael en Pereiras.

O sábado 16 de decembro pola mañán celebrouse o acto conxunto entre o Celta e o Concello de Mos, enmarcado baixo o título PRESENTE, FUTURO E ILUSIÓN, que tivo lugar no Multiusos das Pozas.

No acto estiveron presentes Carlos Mouriño, Presidente RC Celta, Nidia Arévalo, Alcaldesa de Mos, Marta Fernández-Tapias, Directora Xeral de Administración Local, Ana María Ortiz, Subdelegada do Goberno en Pontevedra, Rafael Louzán, Presidente da Federación Galega de Fútbol, Ana Pastor, Presidenta do Congreso, Brais Méndez, xogador mosense do RC Celta, Rubén Blanco, Xogador mosense do RC Celta, Iago Aspas, xogador do RC Celta, Hugo Mallo, xogador do RC Celta, Xavier Rivas, arquitecto da Cidade Deportiva e director de OTIMA S. L. (Ordenación Territorial de Infraestructuras del Medioambiente S.L.) e demais membros da Corporación Municipal mosense.

O acto estivo amenizado polo gaiteiro mosense Xulio Lorenzo que abriu o acto coa súa Alborada Camiño da Rosa que será aprobada o vindeiro luns en Pleno como Himno Oficial do Concello de Mos e polos integrantes do Grupo de Alumnos da Escola de Música de Mos, que pecharon o acto tocando o Himno do Celta. Ademais a xor-

Mos e Celta presentan o seu proxecto de presente e futuro xuntos



nada transcorreu con numerosa afluencia de público e a presenza dun nutrido grupo de nenos/as xogadores/as de dous dos principais clubs futbolísticos mosenses, o Club Louro-Tameiga e a Unión Deportiva Mos, dos que dous dos seus cativos fixeron cadansúa intervención, moi emotivas e entrañables ambas (o medio centro Diego por parte da Unión Deportiva Mos e o lateral

dereito Marcos por parte do Club Louro-Tameiga), nas que explicaron o que significa para eles que a Cidade Deportiva do Celta vaia a estar en Mos.

Tras a presentación do proxecto da nova Cidade Deportiva do Real Club Celta -que estará ubicada cara ao norte das instalacións do Círculo Mercantil e se comezará a construír en Mos durante o verán de 2018 para ser

estreada en 2019 (incluírá 10 campos de fútbol, mini estadio, pavillón, residencia, espazos naturais, área comercial... etc.)-, a alcaldesa realizou unha intervención na que destacou que "a Cidade Deportiva é unha realidade que supón unha increíble oportunidade para o Concello de Mos, que por fin está no mapa, e pasa de estar ninguneado e perxudicado por infraestruturas

de todo tipo a gozar dos beneficios desta nova realidade. Beneficios dos que ningún outro Concello da Provincia de Pontevedra, e me atrevería a dicir de Galicia goza. Pasamos de ser os grandes damnificados de estar ás portas dunha gran cidade como Vigo, a resultar, por primeira vez, beneficiados. Esta realidade ocorre e é posible porque somos unha Área Metropolitana e porque Mos ten un Plan Xeral aprobado e en vigor".

A rexedora local explicou así mesmo que "o Real Club Celta leva apoiándonos a min e a Mos dende que son alcaldesa e agora a ubicación aquí da súa nova Cidade Deportiva é a máxima expresión desta mutua colaboración existente dende sempre".

Calificou ao presidente celta como "un presidente con maiúsculas, sempre disposto a colaborar, a axudar, que lle abriu a Mos a porta do Celta e confiou en nós cando lle plantexamos a solución á problemática do Club, solución que foi viable e a Cidade Deportiva do Celta en Mos é unha realidade. Por elo digo hoxe aquí alto e claro que dende xa consideramos a Carlos Mouriño o veciño número 15.133 de Mos. Considerámolo xa parte do noso pobo e o Celta ten xa unha bandeira máis para que ondee nas súas instalacións: a bandeira de Mos".

CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas

986 640 834

MORRAZO / REDONDELA

Comerciantes do Morrazo organizan unha xincana infantil con grandes premios

O 15 de decembro arrancou a xincana infantil "Ulo meu oficio" organizada a través de FECIMO - Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo coa colaboración de 92 comercios asociados e onde os cativos terán que resolver certas probas relacionadas co seu entorno e o idioma galego.

A federación propón por sexto ano consecutivo esta iniciativa coa que os nenos e nenas con idades comprendidas entre os 4 e os 14 anos se divirten durante o Nadal, convidándoos a utilizar o galego de xeito diario e normalizado.

Desta vez atoparanse con probas relacionadas cos oficios e o vocabulario relacionado con estes (ferramentas, produtos, espazos de traballo, etc.) A organización pretende así familiarizalos dunha forma lúdica e participativa coa idiosincrasia dos comercios, empresas e actividades profesionais das súas vilas.

É unha actividade que move a nenos e familias tanto nos días que dura a xincana como nas actividades de animación que se realizan ao finalizar.

Por suposto, ademais conséguese dar visibilidade aos establecementos asociados, pois os cativos deben percorrer as rúas de Bueu, Cangas e Moaña resolvendo as preguntas que se lles propoñen.

Funcionamento

Existe unha xincana diferente para cada vila: en Bueu participan 22 empresas, en Cangas 37 e en Moaña 33. A actividade dura 14 días, do 15 ao 28 de decembro.



Os nenos e nenas contan cun mapa e cartilla no que aparecen os establecementos participantes. FECIMO agradece a colaboración dos centros de ensino da comarca para a entrega deste material aos seus alumnos, apostando por esta actividade cultural. Tamén estarán dispoñibles para recoller nas tendas.

A mecánica do xogo é sinxela: en cada tenda que teñen marcada no mapa hai unha proba diferente que deben resolver. Se acertan, recibirán un selo na casilla correspondente. Así, ata que consigan resolver tantas probas como lle son requiridas nas instrucións.

Unha vez conseguido resolver as probas, cubrirán o folleto cos seus datos persoais e o depositarán en calquera das tendas participantes, ou ben o día do sorteo de premios na furna habilitada pola organización.

Sorteo de premios

Unha vez finalizado o prazo para facer as probas, realizarase un sorteo en cada vila cos mapas recibi-

dos, no marco dunha gran festa con actividades de animación.

Os premios a entregar serán: 1º Premio: unha Tablet, 2º Premio: Unha gran cesta de Nadal infantil. E outros premios sorpresa para os participantes que asistan á festa de animación.

As datas e localizacións dos sorteos serán: martes 2 de xaneiro en Cangas a partir das 17:00h na Alameda Vella, mércores 3 de xaneiro en Bueu as 17:00h, na Praza do Concello e xoves 4 de xaneiro en Moaña ás 17:00h no Palco da Música.

No caso de mal tempo informárase do cambio de ubicación na páxina de facebook: "Vive O Morrazo".

Esta campaña está incluída no Proxecto de Dinamización de FECIMO 2017 para accións de incentiación da demanda comercial da comarca do Morrazo que conta co financiamento da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Comercio, da Deputación de Pontevedra e de ABANCA.

Empresarios de Redondela presentan a Campaña de Nadal



Rascas con centos de premios directos e un gran sorteo final con vales de compra de ata 1000€.

A Asociación de Empresarios de Redondela coordina sendas campañas de premios en Redondela e Chapele. As campañas terán unha duración de tres semanas ata o 6 de Xaneiro e na que os clientes do comercio local recibirán rascas polas súas compras con centos de premios directos en cada establecemento o un gran sorteo final por partida dobre xa que un terá lugar en Redondela e outro en Chapele. Todos os comercios e establecementos de hostalaría que se sumen a esta campaña terán como obsequio lotes de material comercial como bolsas e outros elementos de packaging navideño, para os comercios e miniservís, para a hostalaría.

A campaña comprende tamén accións de decoración común para os establecementos asociados aínda que convidamos a todos os locais da vila a seguir esta mesma estética consistente nunha alfombra vermella e dúas pontetias, unha a cada lado da porta ou fachada comercial. Esta tradicional planta de Nadal distribuída pola Asociación é 100%

local xa que foi criada un viveiro da localidade de Redondela o que lle confire unha maior resistencia e intensidade de cor.

A animación de rúa contará este ano como protagonista a Papa Noel que se pasará pola vila de Redondela nun flamante FORD METEOR convertible de cor vermello. Coa colaboración dos comercios asociados instalaranse distintos Tronos para recibir a visita de Papa Noel nos que irase parando ao longo de toda a tarde. A visita de Papa Noel será o venres 22 e o sábado 23 en horario de 17:30-20:30h e visitará todos os recunchos da vila estando previsto que os comerciantes de Vilavella os reciban na rúa Salgueiral, os comerciantes de Reveriano Soutullo e rúas anexa o recibirán na praza deste mesmo nome e os comerciantes da Rúa General Rubín o recibirán ao pe desta mesma rúa. Papa Noel espera poder recibir a todos os nenos da vila e anuncia que virá cargado con caramelos e globos que grazas a xenerosa colaboración de Abanca e a Asociación de Empresarios.

Doación de libros de Camiño Camaño Xestido

O artista cangués Camilo Camaño Xestido fixo unha doazón de libros da Casa Museo A Mangallona ás bibliotecas dos centros educativos da vila de Bueu, e tamén ás municipais. O obxectivo desta entrega non é outro que "tentar que a arte e a cultura cambie o mundo", en palabras do pintor, e por iso contribúe a esta causa dando a coñecer este material por todos os lugares posibles.

O acto, que tivo lugar no Centro de Asociacionismo de Bueu (CDA), contou coa presenza de Teresa



López, concelleira de educación, José I. García Cuervo, edil de fenda e tamén membro da Funda-

ción A Mangallona, e de representantes dos centros educativos do municipio.

A Deputación subvencionará con 1,5 M € a nova biblioteca pública para Nigrán

A Deputación de Pontevedra subvencionará nun 80% a construción dunha nova biblioteca pública para Nigrán, orzamentada segundo o proxecto nun total de 1.849.525 €. En total, o organismo provincial aportará 1.479.620 € procedentes da súa liña axudas para a mellora dos equipamentos, servizos ou dotacións singulares dos municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes, sendo Nigrán a localidade da comarca de Vigo co proxecto de maior contía. Esta deberá estar en fase de licitación antes de xuño de 2018 e executada antes de xuño de 2019.

A Deputación de Pontevedra subvencionará nun 80% a construción dunha nova biblioteca pública para Nigrán, orzamentada segundo o proxecto nun total de 1.849.525 €. En total, o organismo provincial aportará 1.479.620 € procedentes da súa liña axudas para a mellora dos equipamentos, servizos ou dotacións singulares dos municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes, sendo Nigrán a localidade da comarca de Vigo co proxecto de maior contía. Esta deberá estar en fase de licitación antes de xuño de 2018 e executada antes de xuño de 2019.



Cun deseño de liñas modernas e sobrias adaptado á morfología da parcela, a fachada se plantexa de granito e morteiro de cal e a xeometría da planta responde á propia forma do solar. O edificio consta de catro andares: na planta baixa (191 m2) dispónse dunha sala de usos múltiples vinculada á praza cuberta adxacente, almacén e aseos; na pranta primeira (269 m2) hemeroteca, sala de ordenadores, recepción e zona de préstamo infantil e xuvenil; na segunda (272 m2) zona de préstamo para adultos; e na terceira (235m2), zona de estudio que se comunica a dobre altura coa zona de préstamos do nivel inferior.

"O espazo se multiplica con respecto

a actual do Ceán dando cabida a usos que actualmente non existen e permitindo rexenerar a praza exterior, á que estará directamente ligada cun acceso cuberto para darlle continuidade", incide González.

Actualmente, a Biblioteca Municipal de Nigrán ten preto de 4.000 socios e recibe máis de 8.000 visitantes cada ano. Para facerse socio tan só é necesario encher unha ficha de inscrición na propia instalación ou ben vía telemática, é de balde e non é necesario estar empadroadado en Nigrán para poder gozar dos seus servizos. Conta con 43.800 volumes consultables por Internet no catálogo informatizado en liña.

Porto do Molle conta con 125 novas árbores

O Concello de Nigrán invistiu 19.724 euros na reposición do arbolado que ocupa os alcorques das principais beiravías do parque empresarial de Porto do Molle. O motivo é que os antes existentes, falsos pimenteiros, se atopaban en moi mal estado ou directamente non se conservaban, polo que o goberno local consideraba preciso repóñelos. En total, o

Concello plantou esta semana 125 unidades de liquidambar styraciflua de 4 metros de altura coa garantía de que, de non enraizar algún elemento, a empresa suministradora o substituirá por outro igual sen conste algún.

Ademais, o Concello de Nigrán presentou a licitación o proxecto de acondicionamento integral do río Muíños, que discorre por Porto do Molle.



As peticións sociais materialízanse no edificio da futura Biblioteca de Tomiño

O arquitecto Xavier Pousa e a responsable do estudo técnico, Susana Rodríguez, ensinaron á cidadanía o proxecto definitivo de construción, que terá un coste de 1,8 millóns de euros

Será a "materialización física nun edificio das peticións sociais e das necesidades recollidas polo Concello". Así definiu o arquitecto Xavier Pousa o edificio da futura Biblioteca Municipal durante a presentación do proxecto definitivo tanto aos grupos de persoas que participaron de forma altruísta na definición do proxecto como á cidadanía en xeral.

Nun salón de plenos do Concello ateigado de público, Susana Rodríguez, a responsable do estudo, resumiu as necesidades detectadas pola poboación para o deseño e creación deste servizo

municipal, que reclamaba unha biblioteca moderna, próxima, inclusiva, coeducadora, participativa, divertida ou dinamizadora, entre outras cousas. O propio arquitecto do proxecto, Xavier Pousa, debullou aos asistentes os pormenores da futura biblioteca, un edificio integrado na contorna "coa vocación de ser un dinamizador social e cultural da comarca" e a intención de "converterse nun polo de atracción local e comarcal".

En pleno núcleo urbano de Tomiño, o edificio contará con un total de cinco alturas divididas nun sótano, na planta baixa, primeira e segunda

planta e baixocuberta. No soto instalarase o arquivo municipal, o fondo bibliográfico e distintas instalacións municipais. Na planta baixa estará situado o acceso á biblioteca, que tamén ocupará a primeira planta xunto co Espazo Memoria Tomiñesa. Esta primeira planta contará ademais cun xardín que sirva para dar máis luz e claridade ás instalacións ao tempo que oculta a medianeira.

Xa na segunda planta habilitaranse espazos para a Aula Cemit, para a Concellería de Cultura e para reunións. No último piso, baixocuberta, haberá espazos de usos múltiples e unha





terraza exterior. A idea é dotar á biblioteca doutros servizos posibles como un observatorio astronómico ou un café libraría. A construción do edificio terá un custe de 1,8 millóns de euros, aos que haberá que sumarlle 275.000 euros para o equipamento previsto: 120 cadeiras, 8 sillóns, 8 postos de traballo, 7 mesas de estudo, 22 ordenadores, 5 proxectores multimedia, estantes, taquillas... entre outras necesidades.

A alcaldesa de Tomiño, San-

dra González, resaltou a importancia de estar cumprindo os prazos dun proxecto fundamental para o desenvolvemento do municipio. Este proxecto definitivo é a culminación de ano e medio de traballo que arrancou cunha diagnose inicial no que se estudaron 50 bibliotecas e cunha consulta aberta á cidadanía na que participaron 309 persoas representando a 53 entidades, centros e asociacións, 30 colectivos e 6 ámbitos sociais

HUMOR


Por Hermanager



Por Maitirena



Handwritten signature: Maitirena



FUCO PRADO



Por: O Señor do Aloia

Tui é moito Tui

A cidade de Tui, capital do reino de Galicia nos tempos do rei Witiza, nos últimos tempos en que “gozamos” dunha democracia bastante timorata, ven ofrecéndonos un panorama político un tanto convulso.

Lembremos aqueles tempos do partido UNIÓN TUDENSE que amamantou á maioría de alcaldes que dirixiron a res pública local nos últimos anos. De aí saíron os alcaldes Guedes, Núñez, Capón, Rocha (Capón aínda segue dando que falar nos tempos actuais).

As mocións de censura non son nada raro por estes lares. Os cachorros daquela camada política foron os protagonistas da vida política e social de Tui dende a década dos oitenta, todos quixeron marcar territorio e uns cantos o conseguiron.

Logo chegaron novos protagonistas con ganas de facerse un oco. Probaron en instancias superiores pero as cousas non saíron como tiñan previsto. A nivel local sí puideron entrar por unha rendixa; rendixa que lles permitiu soñar coa alcaldía aínda que non foran como “aqueles pata negra” que arriba describimos. Hai que recoñecer que talento e atrevemento non lles faltan. Formación política pensamos que tampouco. O problema é que a cidade de Tui ten “un salero” especial; aínda hai quen pensa que respira ar de realza cando pasea pola Corredoira (claro que para esa

xente hai que seguir chamándolle “Corredera”); por iso o Alcalde de Tui, quen queira que sexa, debe ter en conta estes antecedentes.

Se a estas plumas engadimos que “a deiteira pura e dura”, disfrazada de liberalismo segue campando as súas anchas, temos un caldo de cultivo que xenera un panorama moi cerrado e cáseque inamovible. Entrar a trapo e pretender desmontar certos símbolos locais por todos respectados non é o camiño máis axeitado para conseguir asentarse no Poder.

O último e actual alcalde de Tui, Sr. Padín, chegou como chegou. Tivo que tragar os sapos que nos dicia Churchill, aínda que aparentemente puxera condicións que lle foron aceptadas; na realidade é soamente un peón nuha partida que se xoga noutro sitio. O seu traballo está pensado para outras instancias. Claro que se o fai mal, entón, como di o refrán, “sería peor o remedio que a enfermidade”.

Entrar tentando desmontar proxectos e programas xa aprobados polo goberno anterior, no que estaban representados diferentes sectores da vida social e comercial de Tui, non parece unha idea moi acertada. Ter que convocar varios Plenos para clarificar a situación legal e política dun membro da Corporación e do goberno actual, con o que iso supón de gastos para as arcas municipais, non “flo-



recientes” precisamente, vai minando a fortaleza que ese novo goberno deba estar incrementando. Se por enriba, o Sr. Padín, alcalde, non calibra exactamente o que significa o deporte do remo para Tui, mal van as cousas.

En política pode e debe entrar todo o mundo civilizado. Sen embargo para ocupar certos cargos en certos lugares é preciso máis que dereitos constitucionais; faise necesario saer estar á altura das circunstancias e dos lugares. Neste apartado Tui ten o seu “aquele”. Unha vila pequena, que foi capital dun reino sempre manterá un plus especiao pola súa orixe, pola súa historia, polo seu protagonismo na conformación de Galicia.

Non debemos botar en saco roto o feito constatable de que en Tui poden presentarse cinco, seis ou sete candidaturas para elixir alcalde, que todas van sacar repre-

sentación. Este fenómeno dáse en contados concellos; eu diría que mínimos; non me atrevo a dicir “en ningún concello”. Aquí non existen, de momento, bloques, grupos ou familias políticas que se definan como conservadoras, socializantes ou revolucionarias; aquí sen pequenos clans familiares e achegados que no momento da verdade son “fonteovejuna” local e todos a unha apoian ao seu “fillo político” que quere representalos no maior órgano de Poder existente a nivel local: o Concello, a Alcaldía.

Sr. Alcalde de Tui, Sr. Padín, en nome da amizade que me uniu a seu pai, deséxolle sexa quen de rexer a vida política e social de Tui con acerto e dando satisfacción, senón a todos, a unha maioría de tudenses.

Iremos observando con cariño como se vai desenvolvendo. Seguiremos falando de Tui e do seu goberno. Saúdos e Bon Nadal.

Alimentación y Carnicerías RODRÍGUEZ

COMPRAS - VENTAS DE CANADOS

“Servicio a domicilio”

Plaza de Abastos - Telf. 636 22 87 37 - TOMIÑO
Telf. 986 63 31 65 - CURRÁS - TOMIÑO

PANADERIA PASTELERIA
Tahona Micaela

PAN ARTESANO - EMPANADAS
ROSCAS - PASTELERIA - BOLLERIA

986 602 083 / 686 007 919

O SEU PAN

SOUTO, GUILLAREI - TUI - CHAN DO CARRASCO 33, RANDUFE - TUI

Desde 2011

TUI TÉ

ESPAÑA

TÉS ESPECIAS

PLANTAS MEDICINALES

Paseo de la corredera
Calvo Sotelo, 6.
Tui

www.tui-te.es Telf: 986604569 Whatssap 653804040

Pinturas del Louro
pinturas & papeles pintados

Todo en Pintura

- Pinturas ✓
- Barnices ✓
- Resinas ✓
- Papel Pintado ✓
- Todo Tipo de útiles ✓

Tel. 986 184 307
pinturasdellouro@gmail.com

C/ Maristas nº 1
Tui

AGROITIS

Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507

Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Pontearreas

BIPER
Cafés & Botellas

Un sabor para cada momento del día

AVD. CONCORDIA 68-69 TUI

C/ JOAQUIN FERNANDEZ SESTELO, 13 (SALCEDA DE CASELAS)

BAIXO MIÑO

TOMIÑO

Rematada a remodelación da Praza de Abastos de Goián

Goián xa conta cunha remodelada e modernizada praza de abastos. O Concello de Tomiño vén de rematar as obras de reforma das instalacións, nas que se seguiu a mesma filosofía de remodelación seguida no mercado municipal do Seixo. Cun investimento total de 109.557,40 euros, as obras centráronse principalmente no espazo interior da praza con pequenos cambios no exterior, tanto no pórtico para darlle accesibilidade ao local como na terraza para arranxar deficiencias de desgaste.

En breve, o Concello de Tomiño ten previsto iniciar o proceso público de adxudicación dos catro postos de venta creados no interior das instalacións: unha carnicaría, unha peixaría, unha froitaría e unha floraría. Xunto con estes postos, a remodelación permitiu abrir novos ocos de paso, crear unha illa central e axeitar unha parte das instalacións a outros usos relacionados coa cultura e a cohesión social.

O obxectivo era dar unha nova



vida ao mercado municipal, “reciclando o seu interior e adaptándoo ás necesidades funcionais, espaciais e sensoriais adecuadas para o tempo no que vivimos”, humanizando o espazo e facéndoo atractivo tanto para os usuarios como para os comerciantes, para que vexan na praza de abastos un recinto de oportunidades.

Este proxecto supón a consolidación da aposta do goberno local polo comercio de proximidade e a concepción dos mercados coma puntos de dinamización

económica e social dos núcleos urbanos. Outro dos obxectivos é conseguir facer do centro de Goián, a segunda parroquia máis poboada do municipio, un lugar de encontro e convivencia dos veciños e veciñas.

Do orzamento total empregado nas melloras, arredor de 70.000 euros foron achegados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria a través dunha axuda aprobada dentro da convocatoria ‘Espazos de Emprendemento Comercial no Rural’.

Aberta a inscrición para o curso de adultos na Escola de Teatro

A Escola Municipal de Teatro segue ampliando a súa oferta para este ano coa posta en marcha por primeira vez dun curso de teatro para persoas adultas. 15 tomiñeses e tomiñesas maiores de 18 anos xa se anotaron para participar nesta iniciativa, aínda que dende o Concello esperan que a cifra siga crescendo xa que aínda continúa aberto o prazo de inscrición.

Con este grupo a Escola de Teatro coordinada por Bea Campos, de Migallas Teatro, o Concello de Tomiño dá resposta á crecente demanda de persoas maiores de idade interesadas en asistir a clases de teatro e ponse a última pata a escola teatral, que ata o de agora contaba con tres grupos, todos dirixidos a público infantil e á mocidade (un grupo de 4 a 8 anos, outro de 9 a 12 e un último de 13 a 17).

As clases comezarán o 12 de decembro e celebraranse todos os martes de 20.00 a 21.30 horas na



Casa da Cultura de Tomiño. O prezo da actividade é de 15 euros ao mes, aínda que existen descontos no caso de asistir varios membros dunha mesma familia a calquera dos grupos formados.

O curso rematará cunha representación teatral a finais de primavera que suporá un punto e seguido ao traballo realizado este ano, xa que dende o concello queren darlle continuidade a esta Escola de Teatro para adultos, tanto para satisfacer a demanda de todas aquelas persoas que de-

sexan mergullarse no mundo da interpretación como para dar continuidade a todos aqueles mozos e mozas que xa asistían ás clases e que ao acadar a maioría de idade non podían continuar coa actividade. Deste xeito achéganse as artes escénicas a todos os públicos, sen límite de idade e dun xeito asequible.

Para máis información e inscricións os interesados deben de dirixirse á Concellaría de Cultura de Tomiño (rúa A Rocha, 8) ou chamando ao teléfono 986 622 001.

Tomiño tramita 137 denuncias por non limpiar as fincas

Ao longo dos últimos anos Galicia ten sufrido unha crecente proliferación de incendios no seu ámbito forestal máis urbano, aqueles terreos que forestais máis próximos aos núcleos habitados e que deixan imaxes tan devastadoras como a vaga de incendios sufrida o pasado mes de outubro, con máis de 49.000 hectáreas arrasadas.

Dentro das medidas adoptadas para evitar os lumes e cumprir a normativa autonómica de prevención e defensa contra incendios, o Concello de Tomiño tramitou este ano 2017 un total de 137 denuncias, 29 de elas de oficio, para que se aplicara a lei e os propietarios e propietarias executaran as medidas pertinentes tanto en solares abandonados como en zonas que, aínda estando en terreo de núcleo rural, son forestais e continúa na maioría dos casos cara a terreo forestal.

As denuncias afectaron a un total de 312 parcelas. De todos os expedientes abertos 300 foron tramitados polo departamento de Medio Rural do concello de Tomiño, mentres que 11 foron enviados a outros organismos por non estar dentro das competencias municipais. Ademais, desestimáronse outras 12 denuncias por falsas.

O tempo medio de resolu-

ción dos expedientes foi de dous meses, a maioría solucionados tras enviar unha única notificación aos propietarios e propietarias das fincas. Deste xeito, un 70% dos expedientes iniciados no 2017 xa están resoltos. Un dos principais problemas aos que se enfronta o Concello é a localización dos e das titulares dos terreos, xa que moitas veces os datos do catastro están incompletos ou son erróneos.

En caso de non localizar ao dono ou dona cunha primeira carta, o procedemento amplíase enviando unha segunda notificación. Se non hai resposta publícase no Boletín Oficial do Estado, dítase orde de execución, publícase esta orde de novo no BOE e procédese á execución subsidiaria. Este ano Tomiño soamente tivo que realizar unha execución subsidiaria, cun coste de 380 euros.

O departamento de Medio Rural, ademais de xestionar as denuncias, tamén se encarga de informar aos tomiñeses e tomiñesas que o solicitan das distintas normativas existentes nas administracións en canto a distancias das plantacións nos distintos tipos de solo presentes no municipio e as obrigas de xestión de biomasa dos seus terreos.

ACADEMIA

Eis

ORDENADORES • CONSUMIBLES • REPARACIONES

Rúa Casal Aboi, 10 Baixo - 36.700 TUI

Telf: 986 600 272 - Móvil: 658 855 661

eis_academia@hotmail.com

TOMIÑO

O Concello de Tomiño inicia os trámites para a apertura do Camiño do Alivio

O goberno municipal levará a pleno o próximo martes 12 de decembro o comezo do proceso de expropiación das dúas parcelas afectadas

Tomiño, 9 de decembro de 2017.- O Concello de Tomiño segue a dar pasos para transformar o núcleo do Seixo nun espazo público pensado para as persoas, con accesibilidade universal e con calidade urbana. A pretensión do goberno municipal é comezar en breve os trámites necesarios para poder abrir a rúa Camiño do Alivio e reorganizar toda a contorna coa praza do Seixo. No próximo pleno do vindeiro 12 de decembro (21.00 horas) aprobarase o inicio do procedemento de expropiación das parcelas afectadas, nas que se prevé derribar unha das esquinas da rúa e camiñar cara o futuro proxecto de remodelación das rúas Camiño do Alivio e República Arxentina e no que as persoas teñan prioridade.

Nestes intreos, esa zona representa un punto conflitivo dentro das rúas de Tomiño, tanto por ser un punto que dificulta a accesibilidade da cidadanía como polo que complica o tráfico rodado, con escasa visibilidade e limitando a mobilidade da zona. O Plan Xeral de Ordenación Municipal xa contempla unha aliñación que lexítima o procedemento expropiatorio e que posibilitará que



o entronque da rúa Camiño do Alivio e República Arxentina teña máis de 12 metros de largo, a diferenza dos escasos 5 metros que ten hoxe.

Unha vez aprobado en pleno o inicio do proceso de expropiación procederase á exposición pública do proxecto durante un mes desde a publicación do acordo no diario oficial. Será nese tempo no que os propietarios e propietarias das parcelas afectadas poderán presentar as correspondentes alegacións ou negocien directamente co Concello para tentar chegar a un acordo mutuo. Tras o proceso de exposición pública e no caso de que haxa alegacións deberán resolverse e levarse a pleno novamente para darlle a aprobación definitiva ao proxecto de expropiación.

O goberno local continúa a

tomar esta serie de medidas estratéxicas para o futuro desenvolvemento de Tomiño para posibilitar un crecemento máis ordenado no que primen a mobilidade peonil e o disfrute do espazo público.

A futura remodelación do entronque do Camiño do Alivio coa praza do Seixo uniráselle o proxecto estratéxico que se iniciará no 2018, actualmente en tramitación, da Avenida do Seixo, que creará unha nova vía a modo de variante e que permitirá que os vehículos non teñan necesidade de circular polo Seixo. Con isto, o goberno municipal pretende facer de Tomiño un exemplo de núcleo urbano pensado para as persoas e no que a mobilidade peonil e sustentable sexa a prioritaria, xerando maior calidade de vida urbana.

Tomiño amplía a súa rede de saneamento no barrio de Carregal de Abaixo

O saneamento segue a ser unha das prioridades para o Concello de Tomiño. Por este motivo, esta semana comezaron as obras no barrio de Carregal de Abaixo, na parroquia de Amorín, o que permitirá darlle servizo a 40 novas vivendas que manifestaron o seu interese por engancharse á rede municipal.

Cun orzamento de preto de 200.000 euros procedentes de fondos propios e do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra, as obras de saneamento terán unha duración aproximada de tres meses. Se nesa zona o colector vai conectado a unha zona de bombeo e dese pozo era impulsado cara o colector de Forcadela, o que van permitir estas obras é ampliar esa zona para que teña a potencia adecuada ao número de vivendas que vai a atender.

Dende o goberno local es-

tase a traballar para que cada vez sexan máis familias as que gocen do servizo municipal, tentando que todas as vivendas do concello de Tomiño estean conectadas á rede de saneamento, como salientou o concelleiro de Obras, Francisco Campo. Trátase dun traballo arduo tendo en conta as características do municipio, con máis de 100 quilómetros cadrados, 15 parroquias e case 140.000 habitantes repartidos de forma moi dispersa, o que complica levar a rede municipal aos lugares máis afastados do núcleo urbano.

Na actualidade, máis do 60% das vivendas teñen a posibilidade de conectarse á rede de saneamento fronte ao 21% das casas que contaban con este servizo hai apenas dez anos, pasándose das 1.020 vivendas conectadas ás 2.822 que hai na actualidade.



O judoka tomiñés Brais Pereira, medalla de prata na Copa de España Junior

Os cinco deportistas do club de judo Baixo Miño e a súa adestradora, Mónica Pacheco, fixeron un gran papel na Copa de España Junior celebrada en Gijón. Entre eles, os tomiñeses Adrián Romero e Brais Pereira, que acudiron con toda a enerxía posta en clasificarse nesta proba puntuable para o ranking nacional.

Brais Pereira conseguía a medalla de prata na categoría de -81 quilos despois de gañar todos os seus combates excepto a final, a pesar do que volveu para casa coa má-

xima puntuación e demostrando que segue sendo un dos mellores judokas da súa categoría a nivel nacional.

Por outra banda, o outro tomiñés, Adrián Romero, campión galego cadete a pasada temporada, non conseguía pasar da primeira ronda, aínda que xa está traballando para volver subirse ao podium nos vindeiros compromisos.

Ambos os dous judokas tomiñeses, aínda pertencentes á categoría junior, competiron o 8 de decembro na Supercopa de España Senior para ir adquirindo máis experiencia.



8 propostas para votar o orzamento participativo transfronteirizo

Xa hai novas propostas para a segunda edición do Orzamento Participativo Transfronteirizo Cerveira-Tomiño. Tras a revisión do comité técnico, a cidadanía de ambos os dous concellos terá que escoller finalmente entre 8 proxectos distintos de cooperación presentados por un total de 12 entidades e dous cidadáns dos dous municipios implicados nesta iniciativa. Son iniciativas que serán acometidas en conxunto por ambos os dous concellos enmarcadas no orzamento do OPT para 2018.

As votacións comezarán o vindeiro 20 de decembro e esta-

rán abertas ata o 20 de febreiro de 2018. Nestes dous meses todos os cidadáns e cidadás que aparezan recollidos no censo electoral de Tomiño e Cerveira poderán elixir entre oito propostas promovidas polos seus concidadáns, por entidades e particulares, e votalas de xeito telemático a través da propia web do OPT. Soamente necesitará o DNI para identificarse.

Mediante o OPT os concellos de Tomiño e Cerveira reservan unha cantidade fixa de 20.000 euros, dos que cada municipio pon 10.000 euros, para actividades escollidas pola súa cidadanía a proposta deles mesmos.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Presentación do libro "Salcidos en branco e negro" o 22 de decembro no Centro Cultural da Guarda

Despois de meses de traballo, e froito do proxecto que naceu en xaneiro do 2013 a través dun grupo da rede social facebook "Salcidos en Blanco y Negro" os veciños de Salcidos queren presentar en sociedade o seu libro, un fermoso libro de imaxes onde os propios veciños son os protagonistas da historia, recollendo nas súas 192 páxinas unhas 400 fotografías coas que desfrutar revivindo xentes e recordos.

Este libro é froito da ilusión e do traballo dun grupo de veciños que quixeron recuperar o seu pasado e plasmalo nunha publicación que recollese, a través das imaxes, parte da historia dos seus amigos e familiares. O mesmo foi sufragado polas aportacións dos veciños que montaron o que eles mesmos bautizaron como "crowdfunding de aldea", ad-

quirindo por adiantado os libros a través duns vales.

A presentación será o venres 22 de Decembro as 20:30 horas no Centro Cultural da Guarda, no salón de actos, con entrada libre, onde tamén, o rematar un sinxelo acto duns 20 minutos aproveitarán a ocasión para proxectar, cortesía de Grupo Sanroquiño, a fantástica película "O Pisco" que trata do estraperlo entre España e Portugal a mediados do século pasado, e do que Goian, e tamén Salcidos, ten moito que contar...

O evento ademais servirá para que aqueles que adquiriron os vales poidan retirar xa o rematar o evento os libros, aínda que tamén o poderán



facer nos establecementos que colaboraron na venda a partires do día seguinte. Habrá tamén algúns exemplares a venda para aqueles que non tiveron a oportunidade ou non quixeron compralo por adiantado.

A Praza de Abastos «vístese» de Nadal grazas aos praceiros



O Concello da Guarda promoveu dende mediados de novembro un obradoiro de Nadal orientado á decoración da Praza de Abastos por parte dos propietarios dos establecementos, co obxectivo de ofrecer unha sinal de identidade propia do mercado guardés e favorecer a colaboración e o traballo en común.

O taller, coordinado por Informática San Benito, constou de cinco sesións formativas guiadas pola docente Patricia Maquieira, nas que participaron boa parte dos praceiros e praceiras guarde-

sas. Así, as persoas participantes dedicaron un total de 8 horas á planificación e elaboración de diversos obxectos de decoración centrados na temática propia do Nadal, namentres durante a mañá do martes, 5 de decembro, procederon á colocación dos deseños para goce dos veciños e veciñas.

Guirnalas, árbores e mesmo un photocall, entre moitos outros obxectos decorativos, poden verse e desfrutarse dende onte e ata o remate do Nadal, alegrando os postos e os espazos comúns da Praza de Abastos da Guarda.

Presentación do plan de mellora da accesibilidade en A Guarda realizado por COGAMI

O alcalde de A Guarda o vicepresidente de COGAMI presentaron os resultados dun informe que analizou exhaustivamente a accesibilidade de espazos urbanos no concello.

Levar a cabo as melloras de accesibilidade nestas zonas analizadas suporá unha inversión nos próximos 5 anos de 759.000 euros, segundo consta no documento.

O alcalde de A Guarda, Antonio Lomba Baz, o vicepresidente de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade), Ramón Sestayo, presentaron o Plan Director de Mellora da Accesibilidade Universal do Concello de A Guarda, un documento que analiza como está a situación actual en relación coa accesibilidade nas rúas deste núcleo urbano, e cales deben ser as posibles actuacións que habería que acometer para melloralas.

As rúas analizadas para estudar o seu estado segundo a accesibilidade foron as seguintes: PO-552 (

Avda. de Galicia - Avda. Puerto Rico), Rúa Rosalía de Castro - Avenida de Portugal, Rúa Manuel Álvarez - Estrada de circunvalación, Rúa Concepción Arenal, Rúa Domínguez Fontenla, Rúa Pacífico Rodríguez, Rúa Brasilio Álvarez Sobrino e a Rúa do Porto.

O informe foi entregado despois de que un equipo técnico, integrado por 3 arquitectos e 2 persoas con master en accesibilidade de COGAMI, estivera durante catro meses analizando in situ, tanto as rúas como os espazos do concello. Para levar adiante este plan, contaron tamén coas aportacións de entidades de persoas con discapacidade, técnicos municipais de urbanismo e representantes políticos do Concello.

"É un plan que está pensado para todo o mundo", explicaba o vicepresidente de COGAMI, "a accesibilidade non é un tema específico das persoas con discapacidade, é para a sociedade

no seu conxunto". En palabras do Alcalde "este informe supón unha folla de ruta ou manual par que as actuacións que se fagan a partir de agora no concello se fagan mellor, para que calquera persoa poida moverse pola vila".

A mellora da calidade de vida dos veciños, revitalizar o entorno urbano, facilitar o tránsito de peóns, favorecer o deseño urbano para as persoas, crear espazos libres, suprimir as barreiras arquitectónicas e urbanísticas ou converter a A Guarda nun concello de referencia en materia de accesibilidade, son algúns dos obxectivos marcados á hora de deseñar este plan.

Tras esta análise exhaustiva, o documento final especifica de forma detallada as intervencións que deben facerse co fin de que os espazos públicos permitan circular a todas as persoas. A relevancia das actuacións está baremada nunha puntuación comprendida de



1 ao 10, tomando como referencia a puntuación máis alta para aqueles lugares que teñen maior prioridade para ser intervídos, aqueles que deben ser arranxados con maior urxencia.

O informe tamén recolle o orzamento que sería necesario para acometer cada unha das intervencións nestas zonas, o que suporá unha inversión nos próximos 5 anos de 759.000 euros, segundo consta no documento presentado.

Existen outras áreas que deben ser consideradas como especiais, porque para que se fagan accesibles é necesarios reurbanizar para resolver problemática como os an-

chos mínimos de itinerarios, tramos de forte desnivel, anchos e discontinuidades en itinerarios peonís, establecemento de prioridades peonís,.... Estas melloras precisarían contar cun orzamento que pode chegar ao 1.304.117 €.

Así mesmo o documento tamén recolle unha guía de boas prácticas que recompila a normativa de aplicación e as recomendacións a ter en conta baseadas na experiencia de usuario das persoas con discapacidade. O obxectivo desta guía e que sexa de aplicación en futuras obras levadas a cabo polo Concello contemplando desta maneira a Accesibilidade Universal.

O Concello e 48 asociacións guardesas firman os convenios de subvención por 131.000€

O alcalde do Concello da Guarda, Antonio Lomba, e os representantes de 48 asociacións guardesas están a firmar durante estas semanas os convenios das subvencións nominais concedidas a cada unha delas para o ano 2017, aprobados en Pleno Ordinario.

As axudas municipais, cunha contía total de 131.140€, destínanse a distintas asociacións de carácter deportivo, cultural e social na Guarda, co obxectivo de contribuír ao correcto desenvolvemento das entidades de acordo coas actividades levadas a cabo por cada unha delas.

De entre as asociacións beneficiarias, 23 delas son entidades

culturais e 18 constitúen asociacións deportivas, namentres as 7 restantes desenvolven labores de carácter social e, de xeito extraordinario, as Festas do Monte perciben axuda en calidade de actividade cultural.

O Concello destina ás asociacións deportivas guardesas un total de 66.400€; ás entidades culturais percibirán 45.540€, e ás asociacións con fins sociais un total de 19.200€. Os colectivos que recibirán un maior importe en cada unha das categorías son as Festas do Monte e a Agrupación Musical da Guarda (Cultura), o Club de Balonmán Mecalía Atlético Guardés e o Club de Remo Robaleira (Deporte), e o Centro



San Xerome Emiliani e a Asociación Érguete (Fins Sociais).

O Concello da Guarda é un dos gobernos locais da comarca que máis subvencións destina ás asociacións deportivas, culturais e

de carácter social no seu municipio, dada a variedade e calidade das organizacións que desenvolven unha importante labor diaria en beneficio dos guardeses e guardesas.

Praga de procesonaria no Castelo de Santa Cruz

A Policía Local da Guarda advirte da presenza dun elevado número de eirugas procesonarias do piñeiro no interior do recinto do Castelo de Santa Cruz.

Por este motivo, e malia que xa se están a tomar medidas para a erradicación desta praga, aconséllase precaución á hora de entrar na fortaleza, con especial atención aos cativos e cativas, pois o pelo desta eiruga pode ocasionar irritacións ou reaccións alérxicas nas persoas.

Así mesmo, a procesonaria pode resultar tóxica para os animais de compañía, polo que desaconsella esta zona como percorrido de paseo cos cans e outras mascotas evitando, para maior seguridade, todas as áreas con piñeiros.

Os comerciantes colaboran na campaña «Decora o teu Nadal»

Distintas asociacións empresariais guardesas, ademais de numerosos comercios a título individual, uníronse á campaña «Decora o teu Nadal» con diferentes aportacións á decoración nas rúas e outros espazos da vila.

Así, a Asociación de Comerciantes do Mercado do Reló aportou ao Nadal guardés unha caravana 'branca' da que as veciñas e veciños puideron gozar, a xeito de escenario fotográfico, durante o acendido do alumeadado

na Praza do Reló, organizado polo Concello o día 5 de decembro.

A asociación de empresarios ACIGU dispuxo, pola súa parte, un gran belén de luces na Alameda que permanecerá durante todo o Nadal iluminando o espazo público, xunto coas árbores luminosas colocadas polo Concello.

Completando o decorado, a asociación de empresarios AGUDE colocou, en colaboración cos centros escolares e o Concello da Guarda, máis dunha trintena de trineos con motivos propios do

Nadal en distintos puntos da vila.

Amais destas iniciativas acoetidas polas asociacións guardesas, foron numerosos os comercios que, a título individual, participaron no obradoiro de elaboración manual dunha árbore de Nadal, impartido por Maite Lomba no mes de novembro, ou ben elaboraron o abeto pola súa conta seguindo o vídeo tutorial posto a disposición de todos os interesados.

Así as cousas, A Guarda loce nestas datas numerosas mostras

do traballo conxunto dos vecinos e, comerciantes e asociacións, enbelecendo a vila.

A campaña «Decora o teu Nadal» é unha iniciativa da Concellería de Cultura coa que se anima aos establecementos comerciais, asociacións de veciños e público en xeral a contribuír á decoración conxunta, aportando así unha sinal de identidade propia do Nadal da Guarda.



BAIXO MIÑO

TOMIÑO / GONDOMAR

en nadal de conto

Decembro

Domingo 17 **CONCERTO NADAL**
AGRUPACIÓN MUSICAL DE GOIÁN
Auditorio Goián 18:00h

Martes 26 **RENO RENATO E OUTROS CONTINOS**
Contacontos e obradoiros
Nen@s 4-10 anos
Mercado Tomiño 17:00h

Martes 27 **O HOMIÑO DE MAZAPÁN E OUTRAS HISTORIAS PARA MERENDAR**
Contacontos e obradoiros
Nen@s 4-10 anos
Mercado Tomiño 17:00h

Xoves 28 **O TREN DE MARTIÑO E OUTROS CONTOS NO CAMIÑO**
Contacontos e obradoiros
Nen@s 4-10 anos
Mercado Tomiño 17:00h

Venres 29 **OBRADOIROS de NADAL**
Mercado Tomiño
• Xoguetes (consumo responsable)
Nen@s 8-12 anos 11:00 h.
• Traballando igualdade a través da publicidade.
Nen@s 3-7 anos 12:00 h.
• Consumo na rede.
Adolescentes 13-17 anos 18:00 h.
• Alimentación e interpretación etiquetado.
Persoas a partir de 18 anos 19:00 h.

Sábado 30 **VISITA O APALPADOR/A**
Mercado Tomiño 12:00 h

O MAGO DE OZ
Teatro musical infantil
Auditorio Goián 17:00h.
Nen@s de balde / adultos 3 euros

Xaneiro

Martes a Xoves 2,3 e 4 **INCHABLES E OBRADOIROS**
Praza do Seixo 16:00 a 20:00h

Venres 5 **CABALGATA DE REIS**
Saída dende o Alivio
16:30 ata a Praza do Seixo
Onde os nenos e nenas serán recibidos polas súas Maxestades
¡SORTEO DE AGASALLOS!

Para os contacontos e obradoiros no mercado é precisa inscrición previa no departamento de cultura do Concello

Colabora: DEPUTACIÓN PONTEVEDRA ADETO

Tomiño

Identidade aberta

Concerto de Xardín Desordenado no IEM



Xardín Desordenado presenta no Instituto de Estudos Miñoráns, o xoves 21 de decembro, ás 20:00 horas o seu último disco: "CASARES", e despois desta actuación terá lugar a celebración do Día do socio e socia con un convivio.

Con motivo da designación de Carlos Casares como autor do Día das letras Galegas 2017, Xardín Desordenado confeccionou un programa na súa homenaxe, no que se inclúen cancións con diversos textos do autor, algún deles ben coñecidos coma "A Galiña Azul" ou "Un polbo xigante", pero outros publicados ata agora só en revistas especializadas.

Xardín Desordenado

Hai sete anos, un grupo de músicos reuníronse nunha bu-

farda de Tirán Igrexario (Moaña) para musicar a poetas galeg@s. Aínda que de distintas procedencias musicais e mesmo xeracionais, todos eles tiveran contactos co jazz, que aparece como fondo de moitos dos seus arranxos. As súas composicións van dende o blues e o swing, ata o bolero e a bossa nova.

Publicaron dous CD, un dedicado a poetas homes e outro dedicado a poetas mulleres, e presentaron os seus traballos en numerosos auditorios, como a Cidade da Cultura, o museo Verbum de Vigo, o Pazo de Cultura de Pontevedra, o museo Provincial de Lugo, o auditorio Afundación de A Coruña etc.

En 2014 viaxaron ata Bos Aires onde ofreceron concertos en diversos teatros e auditorios.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

A Academia Propón a Ana Romaní para ocupar a vacante da cadeira de Xohana Torres

A Real Academia Galega someterá a votación no próximo Pleno ordinario a candidatura de Ana Romaní para cubrir a cadeira vacante polo pasamento, o pasado 12 de setembro, da académica de número Xohana Torres. A proposta, a única presentada para ocupar esta cadeira, foi oficializada no Pleno.

A vacante fora proclamada o pasado 6 de outubro no primeiro Pleno ordinario celebrado tras a morte de Xohana Torres, de acordo co establecido no Regulamento de réxime interno da Real Academia Galega. As candidaturas de novos membros de número

poden presentarse por escrito ata 24 horas antes do Pleno posterior ao da proclamación de cada vacante e cada unha delas debe estar avalada pola sinatura de tres académicos de número. Unha vez oficializadas, procédese á súa votación na seguinte xuntanza ordinaria.

Ana Romaní (Noia, 1962) dixire desde o ano 1990 o programa decano da información cultural diaria da radiodifusión galega, o Diario Cultural da Radio Galega, que é tamén un dos máis veteranos da radiodifusión española no seu eido. O seu labor fíxoa merecedora de distintos premios xornalísticos, aos que hai que sumar

os galardóns outorgados ao propio programa. Interesada na permeabilidade da radio ás escritas literarias e ás dinámicas de creación contemporánea, desde este espazo nas ondas promoveu proxectos como o Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, que desde 2006 deu lugar a 41 obras de teatro radiofónico e que propiciou a revisión do xénero; ou De Cantares Hoxe. Os Cantares Gallegos de Rosalía de Castro no século XXI (2013), unha antoloxía poético-sonora con poemas inéditos de 36 poetas arredor de versos de Rosalía de Castro, publicados logo da súa emisión durante un ano.



Como escritora, tras publicar poemas en revistas, en 1987 saíu do prelo o seu primeiro libro de versos, Palabra de mar. O último ata o momento é Estremas (2010), que recibiu varios premios. A súa poética está tamén presente en volumes colectivos e, alén do papel, desenvolveu proxectos vinculados á oralidade do

poema e á súa expresión no espazo público da man doutros creadores. O traballo de Ana Romaní abrangue tamén outros xéneros, con títulos como a Antoloxía de Antón Avilés de Taramancos (2003) e un continuado traballo para visibilizar as achegas das mulleres á cultura desde distintos espazos.

Presentación en Madrid do poemario Fugaces, de Sofía Casanova

A Editorial Torremozas presentou hoxe na Delegación da Xunta de Galicia en Madrid/Casa de Galicia o poemario Fugaces, da escritora coruñesa Sofía Casanova, primeira muller correspondente de guerra en España, que narrou ao país a Revolución Rusa desde San Petersburgo. Casanova realizou un importante labor literario como xornalista, novelista, dramaturga e poeta, sendo esta última a faceta menos coñecida da autora, que casou co filósofo Wincenty Lutoslawski, viviu en Polonia case toda a súa vida e morreu alí. O poemario reeditado acompáñase dun interesante material fotográfico, en parte inédito en España, e unha ampla introdución da filóloga e tradutora Amelia Serraller Calvo.

Na presentación participaron o escritor e xornalista Alfonso Armada, a escenógrafa e artista visual Liz Wittlin, a autora da introdución, Amelia Serraller, a poeta María Tecla Portela Carreiro, a editora Marta Porpetta e o coordinador de Actividades Culturais da Casa, Ramón Jiménez, quen o fixo en representación do delegado da Xunta en Madrid e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega López. Entre o público asistente achábanse o secretario de Asuntos Políticos da Embaixada de Polonia, Maciej

Brodowicz, e a directora do Instituto Polaco de Cultura, Mirosława Kubas-Paradowuska.

Jiménez manifestou que “é unha satisfacción para esta Casa, grazas á oportuna reedición de Fugaces feita por Torremozas, lembrar a figura de tan eminente galega, que volve a ela despois de que en xuño de 1995 pronunciábase nesta mesma sala por D. Juan Antonio Cánovas do Castelo a conferencia titulada “Sofía Casanova: Esquecida Gloria das letras galegas. Vínculo singular entre España e Polonia”; e de que un ano despois, en setembro de 1996, presentábase aquí tamén o libro Galicia la inefable, de Sofía Casanova, con introdución de Manuel Fraga Iribarne, prólogo de Juan Antonio Cánovas de Castelo, estudo preliminar de María Rosario Martínez Martínez e ilustracións de Rafael Romeu Massiá”.

Armada, escritor e reporteiro galego, abordou as dúas facetas de Sofía Casanova que el mesmo cultiva: a de correspondente de guerra e a de poeta. Narrou a relación de Casanova con ABC, medio do que é adxunto á dirección, e as súas principais crónicas e acabou establecendo un diálogo coa súa poesía, de poeta a poeta. Armada tamén puxo en valor a edición do libro presentado e resaltou a introdución

“en tres actos” que asina Serraller, que considera especialmente interesante para debater sobre a vida e a vixencia de Sofía Casanova como poeta.

Wittlin falou da relación da súa familia (o seu pai é o escritor judeopolaco nomeado ao Nobel Józef Wittlin, amigo persoal de Joseph Roth e Stefan Zweig e presidente do Pen Club) coa de Sofía Casanova-Loitosławska e describiu o ambiente intelectual da súa familia política polaca, na que destacan o compositor Witold Loitosławski, sobriño do seu marido, ou este mesmo, Wincenty Loitosławski (casou cun activista político, diplomático e famoso catedrático de filosofía, a primeira persoa capaz de fixar a cronoloxía da obra de Platón). Fíxoo desde unha óptica emocional e moi persoal, de mulleres artistas nun mundo eminentemente masculino. Neste caso, de exiliada a exiliada, buscando as conexións entre Sofía e outra muller hispano-polaca como é a escritora mexicana de orixe polaca e Premio Cervantes Elena Poniatowska.

Serraller afirmou que Casanova “como escritora, poeta, xornalista e tradutora desempeñou un papel extraordinariamente importante nas relacións entre España, Rusia e Polonia,



María Tecla Portela Carreiro, Marta Porpetta, Amelia Serraller, Ramón Jiménez, Alfonso Armada e Liz Wittlin

especialmente nas hispano-polacas por mor do seu matrimonio con Wincenty Loitosławski”, e que foi das poucas xornalistas que viviu e narrou a Revolución rusa de outubro de 1917 desde o seu mesmo epicentro, San Petersburgo. Explicou que se iniciou como poeta con Campoamor e o rei Alfonso XII como valedores e que a súa poesía “deulle acceso aos círculos académicos e literarios madrileños, espertou a admiración do seu marido e abriulle as portas dos salóns europeos de figuras como Madame Curie ou Lev Tolstói”. Do contido de “Fugaces” valorou que é “unha lírica precursora do Modernismo”, “unha

obra moderadamente feminista, na que dirixe os seus versos a mulleres contemporáneas que admira, como a tamén escritora Branca dos Ríos, á vez que concilia o persoal co universal, o privado e o público”.

A poeta galega e tradutora do portugués María Tecla Portela, recitou algúns dos poemas do libro e a editora Marta Porpetta comentou a traxectoria da Editorial Torremozas, que desde a súa fundación reivindica o papel da muller na arte e leva xa 35 anos editando literatura escrita por mulleres, realizando un labor de “rescatar do silencio a autoras que están esquecidas, como é o caso de Sofía Casanova”.

VIGO

VIGO

Un sexteto da Orquestra Vigo 430 interpretará panxoliñas clásicas en varios puntos da cidade para anunciar o concerto de Nadal

As rúas e mercados do centro de Vigo encheranse de música clásica para anunciar o gran concerto que a orquestra está preparando para este nadal. Unha representación de ventos e cordas da Orquestra Sinfónica Vigo 430 (fauta, fagot, viola, 2 violíns e contrabaixo) interpretará unha selección de panxoliñas de autores clásicos en puntos concurridos da cidade. O sexteto comezará o seu percorrido ás 12 do mediodía cunha dobre actuación no Mercado do Progreso, primeiro nos postos do mercado municipal e de seguido no UrbanMarket Progreso 41. A continuación tocarán na rúa do Príncipe (diante do MARCO) para seguir despois cara o casco vello (Praza da Constitución e da Princesa) e rematar no centro comercial A Laxe.

Esta acción forma parte da

campana 'Achegando a música á xente' coa que a OV430 quere eliminar as barreiras e prexuízos que moitas veces temos en relación á música clásica, e dar a coñecer as viguesas e viguesas o gran proxecto da orquestra sinfónica da súa cidade, galardonada co Premio Martín Códax da música no ano 2014, colaboradora habitual de grandes solistas de talla internacional, e orquestra residente no Auditorio Pazo de Congresos "Mar de Vigo".

Concerto de Nadal

A Orquestra Sinfónica Vigo 430 presentará ao público vigués o próximo 22 de decembro a produción máis ambiciosa de toda a súa traxectoria: a Sinfonía n.º 9 op. 125 de Ludwig Van Beethoven, tamén coñecida como 'Coral'. Trátase dunha das obras máis icónicas, transcendentais e populares da historia da música e da arte en xeral.

Grazas en grande parte a o seu sorprendentemente inusual último movemento —que musicaliza o poema de Friedrich Schiller Oda á alegría— esta obra converteuse nun símbolo da liberdade e nun chamamento á irmandade entre os seres humanos, quizais a manifestación máis grande e emotiva de amor á humanidade que se creou. De feito, a partitura orixinal da sinfonía está inscrita no Rexistro da Memoria do Mundo da UNESCO, onde forma parte, xunto con outros obxectos monumentais, da heranza espiritual da humanidade.

Toda a grandeza e excepcionalidade que rodea esta obra fai que cada vez que se interpreta sexa un auténtico acontecemento, e así o será o próximo 22 de decembro a



partir das 20:30 horas no Auditorio Mar de Vigo, con máis de 150 músicos sobre o escenario (entre orquestra, coro e solistas) dirixidos polo titular da orquestra viguesa, Vicent Alberola. Xunto á orquestra destaca a intervención do coro tamén vigués Gli Appassionati, dirixido polo mezzosoprano

Nuria Lorenzo que tamén formará parte do elenco de solistas —de auténtico luxo— composto ademais polo soprano Soledad Cardoso, o tenor Javier Agulló e o barítono Luís Cansino. As entradas están á venda na web de Ticketea e na tenda Discos Elepe en formato físico.

Compromiso por Galicia favorable a Porto-Cabral

A formación galeguista entende que o emprendemento da zona de Liñeiriños é eixo fundamental para a centralidade de Vigo na Euro-rexión Norte de Portugal -Galiza.

O comercio e a restauración de Vigo teñen que saber aproveitar o fluxo de visitantes que xeraría o investimento na área comercial e de ocio.

Desde CxG apuntan que o futuro de Vigo como cidade que quere ser centro dunha euro-rexión de 6,000,000 de habitantes, pasa de maneira inexcusable por emprendementos como Porto-Cabral que sería un pólo de atracción para a nosa cidade de millóns de visitantes. A necesidade de espazos comerciais de 4ª xeración abre a porta a necesidade tanto de Porto-Cabral, como de Recaré, para o desenvolvemento futuro da cidade como centro da Euro-rexión.

Segundo o secretario local, Xoán Antonio Cortés, os galeguistas apostan pola inversión e a atracción de visitantes para a comarca que significa Porto-Cabral o que xeraría un importante fluxo de visitas que o comercio e a restauración deberían saber aproveitar.

“Ollamos plataformas teledirixidas e electoralistas, contrarias a Porto-Cabral, se ben, neste mesmo sentido non ollamos plataformas contrarias a Amazon ou a Ali-express”, comentan desde a executiva do partido en Vigo.

Sobre as plataformas contrarias ao emprendemento desta iniciativa privada desde Compromiso por Galicia sinalan que non aportan ningunha solución para o futuro económico da comarca, incerto ante os desafíos do sector da automoción e da pesca, sen ningunha alternativa para o comercio tradicional e para atraer visitantes para a nosa cidade.

Segundo Xoán Antonio Cortés: “Se o problema que teñen é coa ubicación do proxecto podemos chegar a un acordo para buscar outra ubicación, senón é este o caso; entón falamos xa doutra cousa”

Neste sentido, segundo os galeguistas, estamos a ollar como estas plataformas creadas contra

da iniciativa do centro comercial e de ocio, teñen unicamente un obxectivo electoral. Apuntan, neste sentido, que ningún dos partidos políticos ou asociacións que respaldan estas plataformas, fagan o mesmo contra o incremento das plataformas de e-commerce como pode ser a Amazon ou Ali-express, que si que están a monopolizar a distribución do sector do comercio minorista.

Desde CxG apostan por un novo modelo de comercio na cidade, cunha oferta diferenciada baseada na industria de proximidade e nos produtores locais e con forte apoio das institucións públicas

Xoán Antonio Cortés, insiste no modelo de comercio europeo, un comercio que non é unicamente distribuidor de produtos de grandes multinacionais, é un comercio local, de proximidade, que deixa empregos e plusvalías na sociedade. Neste modelo claro está que temos que ofrecer alternativas viáveis e espazos para as grandes distribuidoras multinacionais que precisan de locais de miles de metros cadrados.

CxG propón unha desalinizadora para Vigo

Ante a seca que afecta á comarca de Vigo, desde Compromiso por Galicia propoñen toda unha serie de medidas, tendentes a reducir o gasto do recurso hídrico promovendo a reutilización, o aforro e a utilización de medios alternativos. Así é que os galeguistas propoñen a captación das augas do mar para a súa adecuación a uso común como medio alternativo e máis eficaz, fronte as propostas de trasvase Verdugo-Oitaven que defenden desde a alcaldía de Vigo. A instalación dunha planta desalinizadora nos terreos hoxe xa ocupados pola depuradora da Ría de Vigo, na foz do río Lagares, é unha solución a longo prazo para solucionar os períodos de seca que seguiremos a vivir no futuro, seguramente con moita intensidade.

A intervención da armada e do exército, neste caso como medida urxente, traendo fragatas con potabi-

lizadoras, tiña que estar a ser xa proposta desde as administracións intervintes no conflito.

Ao tempo, Xoán Antonio Cortés, secretario local da formación galeguista, insiste na implantación da facturación segundo o consumo como medida para incentivar o aforro e a reutilización. Apunta neste sentido que nestes días estamos asistindo novamente a un dos diversos sainetes entre o alcalde e o PP, unha teatralización das súas ineptitudes e das súas miserias políticas, unhas políticas de enfrontamento que unicamente perxudican finalmente á cidade. A forza galeguista como medida urxente reclama das administracións responsaveis que fagan un chamado para iniciar a intervención da armada española e inicien a potabilización das augas coas súas infraestruturas, unha medida provisional mentres non se regularize a situación.

II Xornadas Internacionais José Saramago

Por Sofia Malvido Cordeiro
As II Xornadas Internacionais José Saramago, da Universidade de Vigo, organizadas pola I Cátedra Internacional José Saramago, tiveron lugar os días 4 e 5 de decembro na Casa das Campás, en Pontevedra.

Este ano o tema elixido para o evento foi Saramago nos 300 anos do Convento: Comunicación, Arte e Política. Estes elementos constituíron, por tanto, os tres eixos vertebradores que serviron de base a estudosos e alumnado da Universidade de Vigo, pertencentes a diferentes áreas do coñecemento, para traballar sobre a obra do Premio Nobel e actualizar a lectura da mesma.

A diversidade e cooperación son os valores que guiaron este novo proxecto que apostou pola participación activa do alumnado, así como o achegamento ao público da visión de destacados estudosos internacionais das letras lusófonas.

Algún dos temas abordados foron: política, feminismo, a aplicación da literatura noutras artes, poesía, dobraxe e diversas aproximacións teóricas á obra do autor que se complementaron con exposicións artísticas, a presentación dun proxecto de videoxogos e



mesmo unha obra teatral, coa que se deu peche ás xornadas.

No primeiro día, 4 de decembro, a partir das 10:00 coa apertura de destacados persoeiros, tiveron cabida novos achegamentos á obra de José Saramago da man do grupo ComTecArt de alumnas e alumnos da Universidade de Vigo que presentaron o seu proxectos de videoxogos partindo da novela A viagem do Elefante, e tamén recoñecidos investigadores e investigadores: Ana Paula Arnaut, da Universidade de Coimbra, expuso a súa conferencia "A nova H(h)istória de Memorial do Convento", Burghard Baltrusch, da UVigo e presidente da I Cátedra Internacional Saramago, presentou "Reflexões sobre Blimunda e

feminismo (político)" e, seguindo a senda política, Xosé Luis Fernández Lorenzo, da USC, tratou o seguinte tema: "Pensar politicamente. Biopolítica como categoría política transversal na ficción de José Saramago"

No segundo día, de novo contamos coa presenza de alumnado da UVigo, tanto da Facultade de Filoloxía e Tradución (Uxío Couto falou sobre dobraxe, e Antía Monteagudo achegouse á obra O ano de 1993) como, tamén, un grupo de alumnos da Facultade de Belas Artes, da man dos mestres Sol Alonso e José Chavete, encargados dos proxectos de animación sobre o Memorial do convento e Conto da Ilha Desconhecida e da exposición sobre

os mesmos que estivo na entrada da Casa das Campás os dous días. Por outra banda, houbo oportunidade de escoitar as conferencias de Egídia Souto, da Université Sorbonne Nouvelle, "As Intermitências da Morte ou a tentação para celebrar as danças macabras: o esqueleto apaixonado"; "De A Maior Flor do Mundo a O Lagarto: José Saramago para os mais novos (e não só)" de Carlos Nogueira, membro da UVigo e director da Cátedra e, novamente, Burghard Baltrusch, da UVigo con "Poesia e arte políticas: Graça Morais e José Saramago".

Por último, como xa adiantabamos, rematamos no Salón de Actos da Facultade de Belas Artes

coa pre-estrea da obra O nome de todos os nomes, a cargo do Grupo de Teatro Amador Eu.Experimento e dirixida por Vanesa Sotelo.

Xa rematadas estas II Xornadas e pensando na preparación das vindeiras, as aspiracións futuras, dende esta I Cátedra Internacional José Saramago, baséanse na perpetuación do recordo do célebre autor luso, na divulgación da súa obra e nas ansias de facer partícipes a cada vez máis sectores dos ámbitos universitarios e da sociedade en xeral. Ano a ano, coa celebración das Xornadas Internacionais, trataremos de mellorar neste empeño e agardamos contar coa presenza, participación e apoio dos públicos galego e luso.



NOVAS DA RAIA

PORTUGAL

Orçamento Municipal e Grandes Opções de Plano 2018 são “exequíveis e realistas”

Prossequindo com a consolidação do futuro de Vila Nova de Cerveira através de dinâmicas de afirmação nacional e internacional, o executivo camarário apresenta um assinalável esforço de atuação para 2018, consubstanciado no aumento do orçamento municipal em mais 1 milhão de euros (9%), face a 2017, cifrando-se nos 13,2 milhões de euros. Funções sociais representam um aumento na ordem dos 40%.

“Procuramos elaborar um documento com base em contratos que existem e verbas asseguradas, e não em pressupostos ou previsões. As estratégias municipais são discutíveis, mas no nosso caso optamos por colocar só aquilo que é “exequível e realista”. Se houver candidaturas entretanto aprovadas, faremos uma revisão em abril para as incorporar”, realçou o presidente da Câmara Municipal, Fernando Nogueira, aos deputados da Assembleia Municipal durante a apresentação do Orçamento e Grandes Opções de Plano para 2018.

Com uma receita e despesa de 13,2 milhões de euros, as funções sociais – Educação, Segurança e Ação social, Habita-

ção e Serviços Coletivos, e Serviços Culturais, Recreativos e Religiosos – têm um peso de 68,5% nas Grandes Opções do Plano para 2018, totalizando um aumento face ao documento transato na ordem dos 40%. Só na área da Educação regista-se um acréscimo de verbas de cerca de 19,7%, por se definir como a base fundamental para alcançar uma melhor sociedade.

A receita prevista para 2018 apresentará um crescimento na ordem dos 9%, justificado pelo aumento das transferências do Estado em cerca de 1,5% (89 mil euros), quando comparadas com o ano anterior, e pela participação comunitária (Portugal 2020) nos projetos previstos no Plano Plurianual de Investimentos. Já no que se refere à carga fiscal que depende da gestão municipal e que incide sobre as famílias e as empresas do nosso concelho, o objetivo é manter as reduções já deliberadas, com o propósito de minimizar os seus impostos. De sublinhar ainda que, nos últimos quatro anos, a redução da dívida do Município totaliza cerca de 2 milhões de euros a bancos, e a dívida a fornecedores é, atualmente, extremamente reduzida.



Concretamente sobre as Grandes Opções do Plano para 2018, de realçar a adaptação do Antigo Edifício dos Bombeiros para Edifício de Cultura e Inovação (previsão de 361 mil euros); a requalificação da Praça D. Dinis e da Envolvente (previsão de 350 mil euros); a beneficiação e conservação da Rede Viária Municipal (total de 300 mil euros); a valorização da Produção Piscatória do Rio Minho (estimativa de 276 mil euros); o Parque Fronteiriço Castelinho – Fortaleza (previsão de 200 mil euros); a Qualificação, reforço e manutenção da rede de água (dotação de 162 mil euros); a requalificação Global da Escola EB2,3/SEC de Vila Nova de Cerveira (estimativa de 110 mil

euros); e o apoio à beneficiação de património cultural, arquitetónico e religioso do concelho (previsão de 110 mil euros). De referir ainda que se continua a disponibilizar uma verba de 100 mil euros para o Orçamento Participativo e 10 mil euros para o Orçamento Participativo Transfronteiriço, os quais representam 0,83% do orçamento global. Continuidade à política de apoio às freguesias do concelho e às diversas Instituições públicas e privadas sem fins lucrativos de natureza cultural, social e desportiva.

O Orçamento Municipal e as Grandes Opções de Plano para 2018 foram aprovadas por maioria, em sessão ordinária da Assembleia Municipal.

Retiradas árvores ‘doentes’ do Castelinho



Após análise técnica municipal devidamente fundamentada e, posteriormente, corroborada por técnicos externos especializados em arboricultura, a Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira avançou com mais uma intervenção de corte de alguns choupos ‘doentes’ no Parque de Lazer do Castelinho, numa ação preventiva de segurança pública.

Iniciado em 2015, este processo de substituição de árvores naquele espaço de lazer por excelência tem avançado de forma progressiva. Cada árvore retirada é prévia e minuciosamente estudada para garantir que esta ação interventiva seja justificada em prol do benefício público.

Frequentado por milhares de pessoas ao longo do ano, o Parque de Lazer do Castelinho ostenta algumas árvores de grande porte que se encontram secas e com forte risco de queda, colocando em causa a segurança de utilizadores e dos equipamentos ali existentes.

A espécie que suscita mais preocupação é o choupo, por ser de curta longevidade e propensa a colapso, quer parcial quer integral. As opiniões técnicas convergem na sua substituição por novas espécies com características adequadas à natureza de solos, dotadas de uma altura eficaz para suportar intempéries e que proporcionem, por muitos anos, a desejada sombra para os utilizadores do parque na época de verão.

Cerveira analisa deficiente cobertura de rede móvel nas freguesias para expor à ANACOM

A Junta de Freguesia de Sopo apresentou, na última reunião de câmara, um abaixo assinado, com cerca de 250 signatários, contra a inexistência de cobertura de rede móvel naquela localidade. Perante o pedido de intervenção, a Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira vai fazer um levantamento de outras áreas do concelho com o mesmo problema para, posteriormente, ser solicitada uma reunião à ANACOM.

Na fundamentação que serve de base ao abaixo-assinado, a Junta de Freguesia de Sopo sublinha que “os transtornos provocados no dia a dia são difíceis de quantificar” e que “a falta de respeito das empresas prestado-

ras de serviços para com os clientes de Sopo é gritante”, o que originou este documento “revelador do descontentamento”.

Apesar de elaboradas sucessivas reclamações/alertas junto das operadoras e da ANACOM, a Junta de Freguesia realça que “a conversa de surdos mantida com estas entidades não tem surtido qualquer efeito”, solicitando agora a intervenção da Câmara Municipal.

Pela importância desta exposição, o Município de Vila Nova de Cerveira apoia e associa-se, como também vai proceder à elaboração de um levantamento mais alargado e exaustivo junto das várias freguesias, de forma



a perceber que outros pontos do concelho estão a ser afetados pelo mesmo problema de cobertura de rede móvel. O objetivo, de acordo com o edil cerveirense, Fernando Nogueira, é ter um dossier completo e funda-

mentado para solicitar uma reunião à ANACOM para debater esta situação.

Entretanto, o abaixo assinado com cerca de 250 signatários vai ser reencaminhado para conhecimento da ANACOM.



PORTUGAL

Exposição "Casa com Historia - Vinhos de excelência: Quinta de Paços e Casa do Capitão-Mor" em Ponte de Lima

Estará patente no Centro de Interpretação e Promoção do Vinho Verde, a partir do dia 15 de dezembro de 2017 até 30 de maio de 2018, a exposição temporária Casas com história – Vinhos de Excelência: Quinta de Paços e Casa do Capitão-mor.

Nesta exposição o destaque vai para os vinhos produzidos há já 500 anos na Quinta de Paços, sita em Barcelos, e na Casa do Capitão-mor, em Monção, e que têm vindo a somar diversos prémios de grande prestígio desde 1877, altura em que o vinho da Casa de Paços recebeu, em Filadélfia, um dos primeiros prémios internacio-



nais atribuído a vinhos da Região dos Vinhos Verdes.

Atualmente a família e as propriedades estão representadas por D. Maria do Carmo Azevedo da Fonseca Matos Graça e pelo Dr. José Bento da Silva Ramos.

Trata-se apenas da primeira edição de um conjunto de exposições que visam dar a conhecer as casas e quintas cuja história esteve desde sempre ligada à produção de Vinho Verde de excelência.

Bienal de Cerveira regressa em 2018 e homenageia Cruzeiro Seixas

Assinalando os seus 40 anos e voltando-se a realizar em anos pares, a XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira regressa em 2018, para prestar homenagem a Cruzeiro Seixas. A bienal de arte mais antiga do país volta a marcar o calendário nacional de eventos, de 10 de agosto a 23 de setembro, como epicentro das artes plásticas.

"Sob o compromisso de apresentar ao público as mais recentes realizações artísticas e tendências estéticas, pretende-se que avigésima Bienal seja um marco de transição para o futuro, partindo das gerações anteriores", refere o coordenador artístico do evento, Cabral Pinto.

Cruzeiro Seixas, um dos máximos expoentes do surrealismo português, será o artista homenageado através de uma retrospectiva da sua obra plástica e poética, propondo-se uma nova reflexão sobre o movimento artístico. "Tendo-se manifestado muito agradado com este tributo, Cruzeiro Seixas considera fundamental a organização de exposições sobre os artistas da sua geração que, num tempo de dita-



Visita de Cruzeiro Seixas em 2016, à Fundação Bienal de Arte de Cerveira

dura, foram impulsores da implementação de novas ideias", afirmou Cabral Pinto.

Proveniente de uma família humilde, o pintor natural de Amadora nunca teve oportunidade de se dedicar a tempo inteiro à causa artística. É por esse mesmo motivo que a sua obra se apresenta maioritariamente em formato pequeno: "Era o papel que cabia nas gavetas das mesas do emprego", explicou. Aos 97 anos, Cruzeiro Seixas apresenta-se com sobriedade, clareza de ideias, sendo dono de uma memória prodigiosa.

De salientar que a XX Bienal Internacional de Arte de Cerveira manterá o formato ado-

tado desde a primeira edição, de acordo com o objetivo a que este evento se propõe desde 1978: um local de encontro, debate e investigação de Arte Contemporânea, num programa concertado com a vizinha Galiza e o Ensino Superior.

Nas últimas décadas a Bienal Internacional de Arte de Cerveira tem-se afirmado como um dos acontecimentos mais marcantes das artes plásticas no nosso país, sendo um evento de referência para a cultura artística nacional e internacional. De recordar que é a bienal de arte mais antiga do país e da Península Ibérica em termos de atividade.

Monção aprova isenção de taxas para reconstrução de edifícios afetados pelos incêndios



O Executivo Municipal de Monção aprovou, na sessão camarária descentralizada realizada em Trute, na passada segunda-feira à noite, a isenção de taxas administrativas e urbanísticas para a reconstrução de edifícios afetados pelos incêndios florestais de 14, 15 e 16 de outubro.

Esta deliberação, aprovada por unanimidade, abrange ainda a simplificação da emissão da autorização de utilização, com recurso ao termo de responsabilidade, no prazo de 10 dias, devendo agora ser objecto de apreciação e votação em reunião da Assembleia Municipal de Monção.

A proposta apresentada tem como base a informação prestada pela Autoridade Nacional de Protecção Civil relativamente à delimitação do território abrangido pela catástrofe, representando, no caso de Mon-

ção, uma área ardida de 4300 hectares com maior incidência nas freguesias de Merufe, Barbeita, Longos Vales, Bela e Sago/Lordelo/Parada.

A presente deliberação complementa a proposta, aprovada na reunião do passado dia 13 de novembro, no Centro Cultural do Vale do Mouro, em Tangil, para isenção parcial de consumo de água no mês de outubro nas áreas abrangidas pelos incêndios.

Defendendo a diminuição dos encargos das pessoas que, de forma corajosa e altruísta, procuraram defender os seus bens e dos seus vizinhos com recurso à água de abastecimento público, a proposta concede isenção de pagamento do valor de água e saneamento que exceda o consumo médio verificado no período homólogo (outubro) dos dois últimos anos.

Björk confirmada no Vodafone Paredes de Coura

Björk acabou de ser confirmada no Vodafone Paredes de Coura. A artista islandesa, que editou recentemente o álbum Utopia, é a primeira confirmação e sobe ao palco do festival minhoto no último dia, dia 18 de agosto.

O Vodafone Paredes de Coura de 2018 realiza-se entre os dias 15 e 18 de agosto. Os passes gerais estão à venda por €85,00, estando também disponíveis fã packs nas lojas FNAC, ao mesmo preço, que além do bilhete para

a totalidade dos dias do festival inclui uma t-shirt.

A artista islandesa não atua em Portugal desde 2008, ano em que subiu ao palco do festival Sudoeste, na Zambujeira do Mar. Antes disso, Björk tinha atuado no Optimus Hype, no Meco, em 2003, e também no Coliseu dos Recreios, em Lisboa, em 1996.

Utopia, o novo álbum, foi coproduzido pelo venezuelano Arca, e inclui os singles "The Gate" e "Blissing Me".

OPINIÓN

Por Ramón Coura Luaces

Cazar por diversión

Eu respecto a quen caza por necesidade, para sobrevivir; pero quen paga para ir a África a matar un elefante, un leopardo, un búfalo ou un rinoceronte, demostra ser ben ruín. E non alcanza nin de lonxe a nobreza deses animais. E quen se ten que conformar con matar aquí un raposo, un cervo ou un corzo, por falta de presuposto, non é mellor. Cando o ser humano, na súa dexeneración, amósase incapaz de ter empatía ou de admirar sanamente a un animal, dáme noxo. A natureza e os animais non son nosos, nin están para que fagamos un uso abusivo deles sen respectar nada. Hai que ser miserábel para asasinar por un trofeo ou por unha pel, cando non é necesario. Gardo na memoria cada encontro

cun animal salvaxe que tiven: cervos, corzos, xabaríns, raposos, aguias, serpes, ceñoas, arroaces,... todos eles foron



momentos máxicos e nin tan sequera necesito unha foto para acordarme. Se ben facerlles fotografías -cousa que non é nada doada- é algo sano que merece respecto. Ir de safari fotográfico para quen non se conforme con ver un documental e non teña nada mellor onde gastar os

cartos, está ben; pois a natureza e os seus seres vivos son fermosos e non nos pertencen. Contemplalos, facerlles fotos, gravalos ou debuxalos é unha mostra de respecto e unha maneira de renderlle homenaxe á vida na súa diversidade. Polo contrario, derramar o seu sangue polo mero

gusto de facer mal, debería estar prohibido e, como non o está, aos disidentes só nos queda o dereito á protesta. Hai especies que se extinguiron pola acción humana como a pita de monte na Galiza ou o tigre de Tasmania en Australia, o que debería facernos reflexionar... E sinto non ser politicamente correcto, porén cada vez que un cazador que mata polo pracer de matar ten un accidente, penso que non é unha vítima inocente e non me entristece. E cando os ecoloxistas e animalistas espantan a caza aos cazadores, penso que son moi valentes, alégrome enormemente e só lamento que non ocorra máis veces. E remato lembrando unha cita de Shopenhauer: "quen é cruel cos animais non pode ser boa persoa".



Contra a impunidad

Eu non esquezo os centos de gardas civís e policía que perderon a vida, ben por ser asasinados, sendo demócratas, ou por suicidárense ante a súa incapacidade de atopar unha saída a súa situación angustiosa; reprimidos por abusos do Estado ou -incluso- por expresárense en galego; aínda que non coñezo os seus casos en concreto. Porén estou radicalmente en contra da impunidad

coa que gozaron os fascistas no pasado e coa que moitos queren seguir gozando, coa complicidade activa de PP, C's e PSOE. E non me refiro a unha negligencia, un erro ou unha irregularidade menor, involuntaria ou accidental. Refírome a delitos graves que ficaron impunes coa complicidade do Poder Xudicial e dos distintos Gobernos españois. Eu nunca denuncié a un compañeiro, só

amenacei preventivamente; pero coido que o tería feito ante un asunto que a min me parece de gravidade; pois sempre témín verme envolto nalgo turbio por culpa dun descerebrado ou dun fascista e prestei suma atención para que iso non me pasase. No entanto, teño claro que a responsabilidade principal é da Admón. e dos xefes que o consintén, cando non o premian e estimulan. Unhas Forzas e Corpos de Seguridade democráticas non poden actuar vulnerando os dereitos humanos e estou convencido de que na maior parte dos casos -hogano- así oco-

re; porén a excesiva complacencia con estas condutas e os indultos non axudan nada. O respecto e a estima da sociedade que a min me interesa non se consegue con impunidad. Todos os colectivos teñen mazás podres e sabelas depurar para que non fagan dano e non contaminen o cesto é unha obriga dos poderes públicos, unha obriga que acotío incumpren deliberadamente. E os funcionarios/as ou axentes condenados por sentenza firme non deberían ascender a postos de responsabilidade nin, por suposto, ser indultados.

Por Petrus de Gundisalvi

¡¡ SOCORRO !!

Que alguén nos defenda de tanto "asalto legal"! Isto é o que escoitei, un día destes, a un grupo de cidadás, que se laíaban de tanto abuso de poder, sen que ningunha institución pública se dea por enterada e trate de parar a desfeita.

"Un abuso que se nos impón, xa non só sen a nosa autorización documental, senón sen nos consultar, siquera, o noso parecer. Un abuso que nos vai calando coma a chuvia miúdiña ata que o sistema se aplica coma norma e cando, segundo os poderes impositores, non hai nada que facer para rexeitalo.

¿Por onde comezamos?: Bancos, Telecomunicacións, Eléctricas, Sanidade...

Protección de datos: Existe unha parafernalia legislativa que ninguén lle fai caso á hora de facilitar datos persoais a outras empresas sen contar coa autorización do titular deses datos persoais. ¿Que curioso!: A lexislación establece que se Vde. non autoriza a

facilitar os seus datos máis ca para o fin perseguido, ten que facelo constar por escrito. ¿Curioso?; ¿non si? O lóxico é que aquela persoa ou empresa que desexe utilizar os nosos datos para outros fins distintos daqueles para os que son requeridos, soliciten a nosa autorización documental.

Se suscribimos un contrato de telecomunicación, de electricidade... e a empresa decide alterar as condicións contractuais suscritas por ambas partes no seu día, tería que contactar con nós, expornos as novas condicións e suscribir un novo contrato ou non, segundo nós aceptemos ou non as novas condicións contractuais. Pois non. A empresa en cuestión con enviarnos unha parrafada por correo electrónico dicíndinmos que: "A partir de tal data, o custe da factura vai ser tanto, por non sei qué" E Vde. e máis eu, e máis as persoas que, pola razón que sexa, non pode ler a parrafada no correo

electrónico, entérase cando chega a factura e...¡¡Xa non hai remedio!!

¿Quen é responsable de que todo isto aconteza? As súas (¿nunca máis axeitado o de súas) señorías, Ilmos. Sñres. deputados, lexisladores pola nosa gracia e ben pagados por nós. ¿Para quen lexislan? ¿Quen son os titulares, maioritariamente, das empresas para as que lexislan? Déanse Vdes. mesmos as respostas.

¿Como se entende que nun país con sistema económico de libre mercado e propiedade privada protexida pola lei, poida vir un don "mindundi" público ou privado, chámese X ou Z, incluída dona facenda, a meter a man nos nosos aforriños sen unha previa orde xudicial?"

Miñas amigas comentaristas da tertulia escoitada: Cústame moito aceptar aquela frase tan vella, coma vixente: "Quen fai a lei, fai a trampa".

Ou son os anos ou é a realidade que me fan aceptar que a frase refrexa a dura realidade ou quizais debamos repetir aquela outra ¿de Castelao ou que a cita el?: "Mexan por enriba de nós e dicimos que chove".

HUMOR

Por Maitirena



O Fondo Galego cofinancia tres proxectos de ONGD en Guinea-Bissau e Centroamérica

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade cofinanciará cun total de 136.603 euros tres proxectos de ONGD galegas en Guinea-Bissau, Guatemala e Honduras. A Asemblea Xeral da asociación de concellos e deputacións resolveu a convocatoria de subvencións, á que se presentaron 17 propostas de 16 entidades. A xuntanza contou tamén coa presenza dunha representante do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (Acnur), que presentou os resultados da axuda de emerxencia destinada a solicitantes de asilo na ruta dos Balcáns.

Karmele Sáez explicou como o Fondo Galego contribuíu a combater a vaga de frío siberiano que o pasado inverno afectou ás refuxiadas e refuxiados. “Todas as persoas refuxiadas coas que puiden falar queren volver ao seu país”, incidiu a responsable técnica do Departamento de Proxectos de Acnur ao tempo que amosaba varios testemuños reais, e tamén denunciou que “os estados europeos non están cumprindo os seus compromisos”.

Outra das accións de axuda de emerxencia financiadas no presente exercicio foi a adquisición de alimentos para a poboación refuxiada saharauí nos campamentos de Tinduf, á que o Fondo Galego dedicou 6.000 euros. Esta axuda humanitaria foi canalizada a través da asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (Sogaps) e da Media Lúa Vermella.

En canto ás accións subvencionadas ás ONGD galegas,

apoiarase con 49.861 euros unha proposta de InteRed para implementar un programa de formación integral en sexualidade para profesorado, alumnado e familias vinculadas a catro escolas públicas do municipio guatemalteco de Chinautla. A iniciativa incluírá tanto educación sexual e sobre dereitos reprodutivos como coñecementos para a identificación de violencia, especialmente de xénero, e das canles que as e os docentes deben seguir para a súa denuncia. Traballarase asemade co Concello e con organizacións da sociedade civil para crear unha oficina municipal de mocidade que promova o liderado xuvenil para a defensa dos seus dereitos.

Doutra banda, Asemblea de Cooperación pola Paz obtivo 50.000 euros para mellorar o acceso á auga e reforzar as boas prácticas hixiénicas na localidade de Carantaba, en Guinea-Bissau, a fin de paliar os problemas de saúde que sofre a poboación. Para conseguilo, reabilitarase un pozo no que se colocará unha bomba con paneis solares, amais de instalar catro fontes na vila e senllas tomas de auga na escola e na residencia do profesorado. Ao tempo, levarase a cabo unha campaña de concienciación sobre o uso da auga e prácticas de hixiene, así como a elaboración dun plan para o recurso hídrico no que participe a comunidade.

Ao mesmo eido corresponde o proxecto cofinanciado a Enxenhía sen Fronteiras con 36.742 euros, a través do cal se fortalecerá aos equipos técnicos dos



sete concellos que forman parte da mancomunidade Nasmar, en Honduras. O obxectivo é que, ao remate, poidan levar a cabo proxectos de abastecemento de auga en comunidades rurais, integrando entre outros enfoques de participación cidadá. Formáranse en cálculo para o deseño de tubaxes, manexo de programas informáticos ou procesos de calidade para unha xestión pública transparente.

No transcurso da Asemblea informouse asemade sobre os proxectos de cooperación para o desenvolvemento executados en 2017. En Mozambique púxose en marcha canda a Fundação Encontro unha intervención co deporte como ferramenta para previr doenzas e adiccións na mocidade. Tamén se está a traballar co municipio de Nhama-yábue para garantir o acceso á auga abrindo catro pozos para que a poboación non teña que percorrer o río a causa da seca, evitando así os ataques dos crocodilos e hipopótamos, que xa provocaron varias mortes.

Polo demais, na xuntanza expúxose o informe de situación

do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e ratificáronse as altas e baixas do último ano, no que a entidade emprendeu un plan de captación de socios con motivo do seu vixésimo aniversario. Despediuse así ao Concello de Fornelos de Montes e déuselle oficialmente a benvida a Monfero, Alfoz, A Pastoriza, Miño e á Deputación de Pontevedra.

O Fondo Galego de Cooperación

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 91 concellos e as deputacións de Pontevedra, A Coruña e Lugo, que concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. Desde a súa fundación en 1997, o Fondo Galego ten desenvolvido máis de 150 proxectos en preto de 30 países e promove numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur.

Calendarios Solidarios coa Delección 1 p36

Hai apenas dous anos constituíase en España a “Asociación de Afectados Delección 1 p36” como resultado das necesidades e inquietudes de cinco familias que a pesar de estar moi dispersas xeograficamente, lograron unir forzas na loita por visibilizar esta mal chamada “enfermidade rara” e tratar así, entre outras cousas, de que máis familias puidesen achegarse a compartir as súas experiencias e necesidades, e hoxe son xa 33 os casos diagnosticados en España que forman a asociación, repartidos por todo o territorio.

A Asociación Española Síndrome Delección 1 p36 ten como obxectivo ser un nexo de unión entre familias, profesionais e organismos implicados na atención de persoas con delección 1 p36, para mellorar a súa calidade de vida e integración social.

A síndrome delección 1 p36 é un transtorno xenético ocasionado pola perda dun fragmento de ADN no cromosoma 1. É unha das anomalías cromosómicas máis comúns cuxa incidencia é de 1 \5000-1 \10000 nados vivos.

A asociación tivo un impulso por mor do compromiso dun equipo médico de crear unha liña de investigación da síndrome, que xurdiu no I Congreso Médico Nacional celebrado en Madrid o 30 de setembro, xunto ao 2º Encontro de Familias.

Isto supón unha importante necesidade económica para custear algúns dos procesos, polo que todas as achegas a partir de agora irán principalmente enfocadas a este obxectivo, entre elas o que se recade cos Calendarios.

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

ENGLISH FOR KIDS
a partir dos 4 anos

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

SPG
TALLERES

Felices Ofertas!

ASPIRADOR ROBOT CECOTEC

CONGA EXCELLENCE 990

Pantalla LCD. Robot barre, aspira, pasa la mopa y friega el suelo. Programable 24h. Ultra Silence. Autonomía 130 min. Mando a distancia.



239€



AFEITADORA PHILIPS

S 3530/06

Sistema de cuchillas MultiPrecision. Cabezales Flex de 4 direcciones. 50 min de afeitado sin cable.

54€



TELEFONO ALCATEL

U5 3G

3G. Quad Core. RAM 1 Gb. ROM 8Gb. MicroSD hasta 128 GB. Cámara Flash 8Mpx y frontal 5Mpx. Bluetooth. WiFi. 2050 mAh. Android 6.0.

69€

PATINETE ELÉCTRICO ICARUS

Luces LED. Motor 2x360w. 12 Km/hora. Autonomía 2 horas. Bluetooth audio. Carga en 2-3 horas. GRAN VARIEDAD DE COLORES.



199€

¡REGALO!

KIT con Silla, Casco y Rodilleras

**20
Meses
SIN INTERESES
TREC**

PORTÁTIL HP

1WY13EA

HD. APU AMD E2 7ª generación. SDRAM DDR4-1866 de 4 GB. SATA de 500 GB 5400 rpm. Gráficos AMD Radeon™ R2. 3xUSB. HDMI. VGA. RJ-45. Wi-Fi® y Bluetooth®. DVD-writer. Windows 10.



329€



SMARTPHONE MEIZU M5C

5" HD 1280 x 720. Procesador Quad-Core 64-bit. 1.3GHz. Batería 3000mAh. Cámara de 5Mpx+8Mpx. 2GB RAM + 16GB ROM. Soporta MicroSD de hasta 128GB. Doble nano-SIM.

119€

LED GRUNDIG 49" VLE 4523

Full HD. 1920x1080. 100Hz. Extra-slim. USB. HDMIx2. CI+ A+.



399€



Asesoramiento por especialista.



Presupuesto gratuito y sin compromiso.



Servicio de transporte, y retirada de tu viejo aparato.



Instaladores especialistas.



Financiación a medida.



Master cuida el medio ambiente.

NAVIA CENTER

Teixugueiras, 25 NAVIA - VIGO Tel. 986 246 067
naviacenter@gmail.com

BOINSCON CENTER

Concha Brey, 4 PONTEAREAS Tel. 986 640 115
tienda@boinscon.com



MASTER
CADENA

ABIERTO TAMBIÉN SÁBADO TARDE